

O “CENTRO BETANZOS” DE BOS AIRES

CEN ANOS DE VIDA

1905-2005

XESÚS TORRES REGUEIRO*

El Centro Betanzos de Buenos Aires es una institución que se encuentra a diez mil kilómetros de nuestra ciudad; es una entidad de emigrantes —océano por medio— que reúne a todos los que por uno u otro motivo, con el mayor dolor, abandonamos nuestro terruño.
(Betanzos, Editorial, 1962)

Sumario

Este é un achegamento á historia do Centro Betanzos de Bos Aires, unha das entidades máis antigas da emigración galega, no ano do seu centenario.

Abstract

This is an evaluation of the history of the Betanzos centre in Buenos Aires, one of the oldest established organisations in galician emigration, in its centenary year.

O Centro Betanzos de Bos Aires, como representación da colectividade betanceira, viviu fluctuacións ao longo da súa historia, derivadas dos fluxos migratorios, os avatares internos e mesmo crises da propia colectividade, a historia arxentina (con etapas de dictaduras e democracias, de maior ou menor auxe económico) e a de Galicia e España (subdesenrolo, guerra civil, exilio...). Ata chegar á etapa actual, caracterizada dende hai varias décadas polo corte de saídas cara a Arxentina ao perder a condición de país receptor, o envellecemento paulatino da masa social emigrada, o regreso de moitos ao noso país, e a súa substitución por fillos e netos xa nados arxentinos.

No momento presente esta histórica colectividade, que tanta significación tivo nalgunhas etapas do século pasado, celebra o seu centenario, unha data sobranceira para aproximarnos someramente ao que foi e significou esta vedraña entidade, a unha historia que acada cen anos de existencia, trazada dun xeito esquemático pola urxencia da propia efemérides e pola falla de documentación necesaria para analizala en profundidade.

Na actualidade, o Centro Betanzos é a única institución betanceira no estranxeiro (no pasado existiu na Habana a asociación *Betanzos y su Partido*) e unha das máis antigas fundada por emigrantes galegos no exterior.

ANTECEDENTES. OS INICIOS

Dixéronme: “Bos Aires é a meirande cidade galega”.
E tiven medo.
Catrocentos mil homes e mulleres de Galicia tiñan andado outros tantos camiños de ilusión.
(Xosé Neira Vilas)

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo Anuario Brigantino.

Xa de antigo, os emigrantes galegos establecéronse na zona do río da Plata. Cara o ano 1930 calcúlase que residían en Bos Aires uns 600.000 galegos. Con razón se dicía que era a “quinta provincia” e a cidade do mundo onde vivían máis galegos.

En 1880 declarouse a Bos Aires capital federal da nación e independente da provincia homónima. A cidade porteña vaise converter en cidade millonaria en habitantes no ano 1905, rebase o segundo millón en 1927 e o terceiro en 1947, sempre sen contar as aglomeracións urbanas que constitúen o Gran Bos Aires.

En xuño de 1891 o diario betanceiro *El Mendo*, que mantiña unha sección “Desde Buenos Aires” a cargo de José Gutiérrez del Arroyo, advertía que eran moitos os paisanos nosos que regresaban de Bos Aires “por hacerse allí imposible la vida”.¹

A comezos do século XX a emigración a América acadara cifras enormes. Na prensa da época aparece tratada como un problema social. O semanario local *La Aspiración* queixábase en setembro de 1904:

Es alarmante las proporciones que toma la emigración en esta comarca. Los trasatlánticos salen abarrotados del puerto de la Coruña, figurando en la emigración gran número de mujeres no solamente de la clase proletaria, sino también de familias artesanas medianamente acomodadas, cuyo dato indica que no es sólo la gran crisis económica que atraviesa nuestra patria la que paulatinamente va despoblando el litoral cantábrico en primer término, sino que entra también por mucho en este destierro voluntario, las ardientes ilusiones de nuestra juventud y el carácter aventurero de la misma.

En novembro de 1905 o diario coruñés *La Voz de Galicia* (18-XI-1905) facíase eco da prohibición da entrada na illa de Cuba a menores de 14 anos se non ían acompañados de pais, familiares ou tutores, ou se non se presentaban a recollelos en territorio cubano. Mais isto non significou un freo á sangría migratoria. Así nos dous primeiros meses do ano seguinte saíran polo porto da Coruña 596 persoas con destino á Habana e 385 cara Bos Aires, segundo *La Voz de Galicia*. Nese ano, de vinte e cinco persoas que saen oficialmente de Betanzos cara a emigración americana, unha vai a México, tres a Cuba e todas as demais a Arxentina, segundo as actas de licenza e consentimento. A ese número de licencias habería que engadir os que non as precisaban e os prófugos ou mozos que marchaban para eludir o servizo militar.

O corresponsal de Betanzos no citado xornal coruñés falaba a 31 de marzo de 1906 dos problemas de Galiza, que tamén eran os de Betanzos: emigración, falla de man de obra, centralismo, caciquismo desesperado, decrecemento das colleitas, os excesivos tributos e arbitrios...

Mentres que os emigrantes analfabetos e de orixe labrego e sen profesión se encamiñarán ao campo para traballar as enormes extensións, unha boa parte dos betanceiros emigrados ficaban nas proximidades da capital e en canto podían instalábanse no centro urbano e arredores da zona portuaria. Non en balde, as diferentes sedes sociais da colectividade betanceira van estar localizadas neste ámbito.

Parece existir unha primeira etapa de emigrantes vencellados ao comercio en xeral (almaceneiros, tecidos e téxtil...) así como profesionais de oficio (xastres, modistas, camiseiros...) favorecidos co progresivo trafego comercial a que deu lugar o colosal aumento demográfico da cidade porteña. Algúns, empregados de primeiras, rematarán por instalar o seu propio negocio. Moitos destes pequenos comerciantes chamarán a familiares que os continuarán nos negocios, mesmo ampliándoos nalgúns casos.

¹ El Mendo, nº 327; 19-VI-1891.



Xantar de betanceiros no bosque de Palermo o 15 de agosto de 1897 para conmemorar as festas de San Roque. De esquerda a dereita, de pé: Manuel González Carro, Alfonso López Páez, Julio Dávila, Eugenio García Cabaleiro, Germán Vázquez, Marcos Vieites García, Francisco Sánchez, José Do Pico Sas, Antonio Pérez e Ricardo Gutiérrez. Sentados: Vicente López Páez, Antonio Bonome Eirís, Luis López Páez, José García Martínez, F. Lagoa Maimó e Francisco A. Eirís.

Grupo de socios de «Hijos de Betanzos» asistentes a unha asemblea social en 1911. Publicada no número 10 da revista Las Mariñas dese ano.



Cabeceira da revista Las Mariñas, primeira publicación betanceira da emigración.



No último cuarto do século XIX a colonia galega emigrada na capital arxentina é xa tan numerosa que vai propiciar a creación dunha sociedade que a aglutine. Xurde así en 1879 un chamamento para a fundación dun Centro Galego que vai callar o 27 de abril dese ano. Será presidido polo xornalista Manuel Vázquez Castro e os seus estatutos redactados por César Cisneros Luces, propietario do xornal *El Gallego*.

Uns meses despois, José Rumbo Otero fai un chamamento “Os mariñans de Betanzos”, precisamente a través das páxinas do devandito xornal,² para que ingresen no Centro Galego. Este longo chamamento, que tamén é un canto a Betanzos e á terra das Mariñas, ten a particularidade de que está en verso. Son un total de nove décimas asonantadas pares:

Si eu hoxe, por vez primeira, Paisans, vos quero falar E para que todos xuntos Os fillos do nobre chan Vayamos cal un solo home O noso <i>Centro</i> á formar Non desoindo o reclamo Dos que nos chaman pr’alá: Correde mariñanciños, Correde, meus mariñans.	Nobres varons das mariñas D’aquela terra sin par D’aqueles prados de ouro, D’aquel tan longo froital, D’aquelas fontes correntes, Bálsamo d’o ceo e o chan D’aquel xardin tan frourido D’aquel sempre verde val, Mais vello qu’o mesmo Brigo E mais riquiño qu’o pan...	Ay! Cánto recordo, cánto, N’esta longa soledá, As trevesuras d’antaño, Os cariños d’unha nay! As varillinas das Cascas, E d’o río ó marmular, Betanzos nunca esquencido Piñaña d’uvas n’un val, A ti vai ó meu recordo D’o pensamento n’as áas.
Hay n’ese templo bendito Recordos do noso lar, Glorias sempre lembradas, Aires que veñen e van; Hay nomes que se levantan, Hay ilustracios e hay Esperanzas que xa nunca Nos gallegos morrerán: Ide alí, mariñanciños; Ide alí, meus mariñans.	Nobres varons d’as mariñas Que no estranxeiro o penar Se vos acouga no peito Con moy profundas saudás, Que aquí non hay quen se doya As vosas coitas chorar, Pois naides mais que vos mesmos Aquí vos enxerguérá; Correde presto pr’o <i>Centro</i> Da nosa terriña altar.	Eres arquivo de glorias, Capital d’os mariñans, Eres xardin de Galicia E cal ti povo non hay; Desde’o desterro en que xeme, A probe rula o rolar, Mándache, meu ben, as bágoas Que pro ti chorando está; ¡Mándache un bico d’amores Pol-as espumas d’o mar!..
Os que na Suiza Española Viron o verce abalar Os de Betanzos e Sada Bergondiño e Burrifans, Os de Paderne e Meangos, E os de Muniferral, Os de Espenuca e Ferbenzas, De Cullergondo e Cutian Todos xuntiños nun fato Correde axiña pr’alá.	Prestádelle o voso alento Todo enteiro, mariñans, O home qu’en ruda loita Desd’o GALLEGO nos dá Honra con fama e proveito O noso nome elevar; Qu’o GALLEGO e o noso espello, Luz d’o luceiro no vran, Evaxelio d’unha nova, D’as nosas coitas solás!..	Mariñans, mariñanciños Correde aixiña á formar No noso <i>Centro Gallego</i> Que tanta gloria nos dá; Fagamos nova Galicia Con refolego e con afan N’esta terra tan allea Que xa non pode ser mais; Correde mariñanciños, Correde aixiña pr’alá...

*José Rumbo Otero.
Bragado de 1879*

Mais este primeiro Centro Galego apenas durou doce anos pois desaparece a finais de 1892 deixando aos emigrantes galegos sen unha entidade referente e aglutinadora. Neste contexto vanse realizar as xuntanzas e reunións dos emigrantes betanceiros para conmemorar as súas festas e tradicións, reunións que constitúen a prehistoria do asociacionismo betanceiro en Bos Aires.

Grupos de betanceiros emigrados, ademáis de xuntarse para celebrar festividades que aliviaran a morriña da terra natal, tentarían facer labores filantrópicas, axudando aos paisanos

2 Buenos Aires, 24 de agosto de 1879; páxinas 143-144.

que chegaban en peores condicións ou mesmo aos que ficaban na vila natal. Así, en *El Diario de Galicia*, xornal coruñés, do 19 de novembro de 1895 lemos como un grupo deles envían ao filántropo D. Juan M. García, "cuyos caritativos sentimientos son de todos conocidos", a cantidade de 1266 pesetas recadadas para, xunto cunha subvención de 500 pesetas da Deputación provincial, sostemento dunha Cocíña Económica nos meses do inverno. Destacan entre o asinantes da suscripción José Matías Amenedo, Fernando Beade, Jesús García (que debe ser o irmán de D. Juan) e Mercedes P. De Canel que contribúen coa cantidade de 100 pesetas. Con cantidades máis modestas atopamos moitos nomes que logo aparecerán vencellados á fundación do Centro Betanzos: Vieites, López Páez, José do Pico, Celestino Migal, José Carballeira, F. Sanmartín, entre outros.³ Xa a fins do século XIX, no mes de agosto de 1897, un grupo de inmigrantes betanceiros, comerciantes ou vencellados ao comercio moitos deles, comezaron a reunirse nunha casona de Palermo Viejo para celebrar as Festas Patronais de San Roque. Estas reunións festivas e nostálgicas foron adoptando un matiz solidario, atendendo necesidades doutros inmigrantes que chegaban desde terras brigantinas, para finalmente fundar a Casa de Betanzos, na antiga rúa Victoria ao número 700, o 5 de decembro de 1905. Velaí a reseña daquela reunión que se pode considerar pre-fundacional:

La fiesta de los brigantinos.- Algunos entusiastas hijos de Betanzos, residentes en esta capital, reunieron en el bosque de Palermo el domingo, por la tarde, para celebrar con una espléndida comida la festividad de San Roque, patrón de la antigua ciudad que les vio nacer.

El xantar se componía de "sardiñas d'ó Son, con Patacas; unhas cousas que lle chaman aceitunas; peixes fritos; empanada de polos feita como n-a terriña; filloas; pimentos doces de Bravío, en latas; dulces d'as dulcerías d'a Chaia e Quiteria; viño d'ó Riveiro, en bota; Xerés; anisados, etc."

Entre los comensales estaban los Sres. Luis, Vicente y Alfonso López Páez, José García Martínez, José do Pico, Francisco A. Eirís, Francisco Díaz, Antonio Bonome, Marcos Vieites, Manuel González, Juan M. Varela, Eugenio García, Antonio Pérez, Germán Vázquez y, como invitado especial y en el doble carácter de amigo de los "brigantinos" y colaborador de *El Eco de Galicia*, nuestro estimado amigo D. Julio Dávila, quien pronunció un entusiasta brindis, que fue muy aplaudido, y recibió especial encargo de aquellos dignos hijos de Betanzos, de felicitar á nuestro director por el tesón con que sostiene el único periódico gallego que se publica en Sud-América, y á cuyo engrandecimiento se mostraron dispuestos todos ellos; atención que les agradecemos muy mucho.

El fotógrafo Sr. Ramírez, sacó dos vistas del interesante grupo; y terminó la fiesta haciéndose música gallega, cantando y bailando hasta bien entrada la noche, ante el recuerdo de las célebres excursiones á los Caneiros.

El Eco de Galicia, nº 210, Bos Aires, 20-8-1897

En 1897 o semanario da emigración *El Eco de Galicia*, a través do seu correspondente en Betanzos "Xan Bellotas", falaba do regreso de Hipólito López Páez (irmán de Luis) e da viaxe de recreo de Antonio Mosteiro Outón, do comercio arxentino. Tamén nese ano, en outubro, regresaba á Arxentina Jesús García Naveira, "muy conocido en el alto comercio de la Argentina", a causa da morte dun dos seus representantes.

Tres betanceiros triunfadores na emigración arxentina a finais do século XIX serán modelos e acicate para moitos que soñaban con reeditar aquelas exitosas experiencias migratorias, como unha sorte de espellismo que ocultaba a realidade de centos de fracasados no intento. Falamos de Manuel Naveira González e os irmáns Juan e Jesús García Naveira. O primeiro falece en Bos Aires en 1905 (o ano da fundación da sociedade betanceira) deixando unha inmensa fortuna: 157 casas na capital arxentina; numerosos terreos na capital, na Plata e en

³ Diario de Galicia, "De la Región, Ecos de las Mariñas", por Br. Hungarelo; A Coruña, martes 19 de novembro de 1895.

Bahía Blanca; un mausoleo no cemiterio do Norte; 536.000 pesos arxentinos en títulos, depósitos e hipotecas; 49.900 hectáreas en campos situados na Pampa. Deixou en testamento diferentes legados á Sociedade de Beneficencia, ao Asilo de Cegos, ao Hospital Español e 100.000 pesos (logo rectificárase a cantidade a 100.000 pesetas) para fundar un Asilo en Betanzos (antes que os García Naveira fundaran o seu). Este só foi executado pola súa viúva Matilde Golpe Brañas e o seu fillo José Roque Naveira Golpe, alumado con razón “Niño de Oro”, vintecatroy anos despois, inaugurándose en 1929, cando xa eran un feito as numerosas obras sociais e filantrópicas dos García Naveira.

O caso dos irmáns Juan e Jesús García Naveira, para os betanceiros os indianos e filántropos por antonomasia, tanto pola inmensa riqueza que amasaron como polo enorme labor benéfico e social que levaron a cabo na súa vila natal, xuntos ou por separado (lavadoiro público, Fundación Escolas e Asilo, Escolas J. García Naveira, Refuxio para nenas anormais, Sanatorio San Miguel, legados para a Casa do Pobo...), é máis coñecido e tivo un peso moito meirande na vida local ao longo de máis de medio século, trascendendo a vida dos propios benefactores.⁴

SOCIEDAD HIJOS DE BETANZOS

Finalmente o 5 de decembro de 1905 constitúese oficialmente a Sociedade “Hijos de Betanzos”. O seu local social estará na rúa Victoria, nº 700 nun principio e logo na rúa Bolívar 173.

A primeira comisión directiva estaba constituída por Luis López Páez, como presidente; Marcos Vieites, como vicepresidente; Juan Infesta, como secretario; Manuel González, vicesecretario; José Carballeira, tesoureiro; Angel Pérez, vicetesoureiro; e Germán Berdiales, Luciano Méndez, Benito Pérez, Hipólito Dopico e R. Amboade como vocais. Os suplentes eran Francisco A. Eiriz, Gustavo Brage e B. Canosa. Ademais de tres revisores de contas que eran Leoncio López, Francisco Sanmartín e Manuel Vázquez.

Nesta primeira etapa asociativa, a emigración betanceira á Arxentina está moi vencellada ao pequeno comercio e mesmo a algunhas profesións liberais. Sen ser por iso indicativo do conxunto da masa emigrante, son varios os emigrantes que realizan viaxes ou regresan á terra natal logo duns anos na emigración. O mesmo cronista de Las Mariñas decía: “Se anuncia, ignoro con qué fundamento, la llegada de muchos americanos que vendrán á pasar el verano con sus familias...”

Coñecemos os Estatutos da Sociedad Hijos de Betanzos por seren publicados polo semanario betanceiro *La Defensa*⁵. Foran aprobados na asemblea xeral da sociedade celebrada o 25 de xaneiro de 1906.

Os seus fins recollíanse no artigo 2º dos estatutos e eran os seguintes:

- a) Fomentar el espíritu de unión y solidaridad entre los hijos de Betanzos residentes en la República Argentina.
- b) Propender à difundir la enseñanza primaria en Betanzos, sosteniendo al efecto una escuela gratuita para niños de uno y otro sexos, de acuerdo con las prácticas modernas y dentro de las tendencias liberales.

4 Sobre os irmáns García Naveira poden verse os traballos de Santiago de la Fuente García en Gran Enciclopedia Gallega, tomo 15, e de Manuel Rodríguez Crespo, *Lucha y generosidad de los hermanos García Naveira*, Betanzos, 1983.

5 Publicáronse no citado semanario entre o nº 28 (10 de febreiro de 1907 e o nº 33 (17 de marzo de 1907). Repetiron a primeira entrega (a portada) por erro de compaxinación. Arquivo Municipal de Betanzos, Colección de prensa local, *La Defensa*, órgano de las Asociaciones de Agricultores.

- c) Repatriar, cuando las circunstancias lo exijan y previo examen facultativo, á los hijos de Betanzos que, hallándose enfermos, carezcan de recursos para ello.
- d) Procurar ayuda á sus asociados y á los que por primera vez arriben á esta República.
- e) Celebrar el día 15 de Agosto de cada año una fiesta, cuya organización y programa correrá a cargo de la Junta Directiva.

Contemplaba tres tipos de socios: activos, protectores e honorarios. Os primeiros eran os nativos de Betanzos e o seu partido xudicial, ou que tiveran residido na cidade betanceira. A súa cota mensual era de un peso arxentino. Os protectores eran os que, sen ser fillos de Betanzos simpatizaran cos fins da sociedade e aboaran como mínimo a cota establecida. Estes non tiñan voto nas asembleas e non podían formar parte da directiva. Por último, os honorarios serían aqueles designados pola asemblea de socios en razón dos seus méritos.

Para ingresar como socio requeriábase ser presentado por dous socios que avalaran a boa conducta do candidato; non desempeñar emprego ou ocupación contraria ao prestixio e bo nome da sociedade, e residir na Arxentina. Perdíase a condición de socio ao adeudar tres mensualidades sucesivas (se ben podían reingresar aboándoas), o que desprestixiase á sociedade ou faltara ao cumprimento dos estatutos.

A xunta directiva podería amoestar ou suspender a un asociado, escoitándoo previamente, reservándose a asemblea o dereito de expulsalo. Neste caso non podería reingresar na sociedade. Os socios que se ausentasen (supoñemos que en viaxe á terra natal ou a outro país) pedirían licenza e ao seu retorno podería ingresar novamente, sen perder o carácter de socio.

Os fondos sociais (unha vez satisfeitos os gastos de sostenemento) tiñan unha distribución fixada: o 70 por cento á escola, o 20 por cento á repatriación (socorro este no que tiñan preferencia os propios socios), tal como se contemplaba nos apartados b e c do artigo 2º. Estes fondos non poderían ser destinados a outra finalidade. Por último, o 10 por cen restante destinábase a fondo de reserva, que a xuízo da Directiva podería aplicarse a calquer dos dous fins anteriores se as circunstancias o esixían.

A Xunta Directiva compoñíase de once membros (Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario, Tesoureiro, Vicetesoureiro e cinco Vocais) e tres suplentes. Elexíanse cada dous anos podendo ser reeleixidos.

O Presidente elexíase individualmente e os demais cargos en conxunto, repartíndose logo entre os electos as diferentes funcións. A Xunta directiva reuníase ordinariamente unha vez ao mes e extraordinariamente cando o dispuxese o Presidente ou o solicitasen tres dos seus membros.

As resolucións directivas adoptábanse por maioría de votos, sen contar o do Presidente, quen só decidiría en caso de empate. O "quorum" necesario era da metade máis un dos membros directivos.

A sociedade disolveríase no caso que non houberse un mínimo de dez socios activos comprometidos a sostela⁶. Nese caso, unha comisión liquidadora remitiría os fondos, se os houber, ao hospital de San Antonio de Betanzos e depositaría os documentos no consulado de España.

Por 1908 ponse a disposición dos socios unha incipiente biblioteca. Amplíase tamén o artigo 2º dos estatutos establecendo que o socio que falecese e non tivese familia, sería velado no local social, con representación da Directiva no velorio e sepelio, e, caso de carecer de

6 A redacción desta disposición está en senso "positivo": La Sociedad será indisoluble, siempre que diez socios activos se comprometan á sostenerla.

recursos, os gastos do enterro serían costeados pola sociedade. Fan tamén unha campaña de captación de socios espallando unha circular entre os betanceiros que aínda non eran socios.

Destes primeiros anos de vida temos algunha información polos semanarios locais *La Defensa* e *La Aspiración*. Este tiña un representante en Bos Aires (Ángel Ruiz, primeiro e logo Ramón Sanjurjo Ossorio, este cunhas crónicas moi literarias e humorísticas) e outro en Cuba, que se encargaban de informar abondosamente da vida das sociedades, dos socios e incluso das viaxes dos emigrantes máis favorecidos nunha destacada sección titulada “De Buenos Aires” ou “Desde Buenos Aires”. *La Defensa*, ademáis, publicará en folletín coleccionábel os estatutos da entidade. Este semanario, que se titulaba “Órgano de las sociedades de agricultores” e que estaba vencellado ao movemento de rexeneración “Solidaridad Gallega”, comeza adicando un laudatorio solto á sociedade, encomiando os seus fins, entre os que se fala de “fundar en Betanzos una escuela gratuita y ayudar en todo lo que se pueda á los asociados y á los que de aquí lleguen á aquella República, á luchar contra la vida implacable”. Pon as súas columnas á súa disposición, louva á xunta directiva e cita unicamente o nome de José Carballeira, “nuestro queridísimo amigo (...), hombre inteligente y de caballerosidad intachable, amante de su tierra como el que más y eficazísimo alentador de todo lo que venga á redundar en beneficio de ellos.”⁷.

En 1906 a sociedade celebra e fai xestión do seu primeiro ano de vida. A festa celebrada o 19 de xaneiro consistiu nunha sinfonía pola orquestra; o xoguete cómico nun acto, en prosa, *Walkyria*; dúas palabras alusivas ao acto polo Presidente; a comedia de Echegaray, *Los Hugonotes*, rematando cun baile (*La Defensa*, nº 28. 10-2-1907). Na memoria fálanse de 171 socios e dun capital social de 685 pesos con 80 centavos. Entre as actividades fálanse de obras de caridade, actos de filantropía, cultura e solidariedade; como por exemplo a repatriación de dous brigantinos enfermos e socorro de dúas viúvas de emigrantes, “a pesar de no ser socios”, sen tocar o capital social xa que se fixeron a conta do peto dos socios.

En 1907 o presidente é Luis López Páez, que xa o era dende a fundación, persoa que reflicte un pouco a condición de moitos dos dirixentes societarios desta etapa inicial: comerciantes ou de profesións liberais con boa posición económica que constitúen a élite dos emigrados. En xuño dese ano atopábase en Betanzos⁸: “...actualmente nos honra con su presencia en Betanzos.” Embarcara o día 15 de maio. O semanario betanceiro faise eco dos eloxiosos párrafos, acompañados dun retrato, dirixidos a López Páez por *Nova Galicia* (nº do 19 de maio de 1907), órgano da colonia galega na Arxentina, con motivo da despedida que lle fixeron as amizades antes de emprender viaxe a Galicia:

Nuestro estimado colega “Nova Galicia”, órgano de la colonia gallega en la Argentina dedica en su número correspondiente al 19 de Mayo próximo pasado cariñosos y elocuentes párrafos de elogio y encomio al valimiento y nobles prendas que adornan al Sr. D. Luis López Páez, ilustre Presidente de la sociedad “Hijos de Betanzos” en aquella República y nuestro distinguido paisano que actualmente nos honra con su presencia en Betanzos.

El referido colega bonaerense publica el retrato del Sr. López Páez con motivo de la solemne fiesta íntima que organizaron sus numerosos amigos para obsequiarle antes de emprender su viaje a Galicia y cuya reseña coincide en todos sus detalles con la que nos envió nuestro inteligente y activo corresponsal Angel Ruiz y que hemos insertado en el número anterior.

Réstanos solo á nosotros, por lo tanto hacer constar nuestra íntima satisfacción por la justicia que propios y extraños y sin distinción de nacionalidades hacen en la gran capital argentina á los

⁷ *La Defensa*, nº 26; 27-1-1907.

⁸ *La Aspiración*, 23-VI-1907, nº 168, aínda que a numeración deste periódico é problemática.

merecimientos, ilustración y cabalerosos sentimientos de tan apreciable y digno hijo de Betanzos, heredero indiscutiblemente de las cívicas virtudes y grandes bondades que hicieron destacar ostensiblemente la querida figura de su malogrado padre, cuya memoria será siempre dolorosa para cuantos le hemos amado y admirado en vida, lloremos su muerte.

Na ampla reseña do acto de despedida que reseña Ángel Ruiz (creemos que é un pseudónimo de Vicente Abarrategui) fálase do xantar (cun menú no que non faltou, no medio das “francesadas” de moda, o peixe da marea e os chícharos á brigantina) amenizado por orquestra; dos variados discursos, destacando o do director do semanario *Nova Galicia* Fortunato Cruces, que pronunciou “*unas frases en nuestro dialecto; valiéndole una entusiasta ovación.*”, sen faltar tampouco outro que falou en inglés. Entre o máis de medio cento de asistentes citados atopamos nomes fundacionais como Marcos e Manuel Vieites, Edmundo Núñez Cabaleiro, Vicente Abarrategui, Luciano Méndez, Francisco Sanmartín (que asesorou ao chef para os pratos enxebres), José Carballeira ou Juan Jesús García Iribarne, fillo do filántropo D. Juan, que sen dúbida atendía alá os negocios do seu pai.

En Betanzos Luis López Páez atopariase de seguro co acaudalado filántropo D. Jesús García Naveira, de quen o semanario betanceiro daba noticia da súa chegada á cidade natal para pasar o verán. Antes da viaxe o filántropo xa estivera presente no acto de despedida que lle tributan ao presidente en Bos Aires os seus compañeiros e as súas amizades. Proba de que López Páez (quen desempeñaba un cargo na razón social Sangrador, González y C^a. vencellada aos García Naveira) gozaba de boa situación económica é o feito de que ao ano seguinte volta a pasar as vacacións en Betanzos, segundo notificaba o devandito semanario.

Nesta época viñan de constituírse en Bos Aires outras dúas sociedades de emigrantes do viciño concello de Coirós; trátase de “Hijos del Ayuntamiento de Coirós”, que se constituíu en 1906 con vintecinco socios fundacionais, e a “Sociedad Hijos de Ois”, fundada ao ano seguinte. E como entidade supramunicipal e aglutinadora dos galegos de Bos Aires cómpre lembrar a fundación do Centro Galego, sustituto do anterior que non pasou dunha ducia de anos, que ten lugar nese mesmo ano, o 2 de maio de 1907. Estaríamos aquí ante unha visión nacional ou rexional galega da organización dos emigrantes fronte aos localismos e minifundismos municipais ou parroquiais. Con todo, a posterior evolución do asociacionismo galego en Bos Aires faría compatíbel a pertenza a ambos tipos de entidades: unha de carácter asistencial (función que tamén cobrían o Hospital Español ou o Hospital Galego) e outra social e recreativa e de vencello máis directo coa terra de orixe. O Centro Galego aprobará en 1912 o estatuto que a transformará nunha sociedade benéfico-mutualista, con asistencia sanitaria e mesmo funeraria a partir da construción do panteón social, o que vai orixinar o seu continuado e enorme crecemento: 4.209 socios en 1917; 48.000 en 1934; 50.000 en 1935; 70.000 en 1941, deles 28.000 arxentinos..., nunha progresión que a convertirá en 1950 na primeira entidade mutualista de América con oitenta e cinco mil asociados, deles varios miles de nacionalidade arxentina.⁹

AREVISTA “LAS MARIÑAS”

Durante os anos 1910 e 1911 a sociedade vai publicar un órgano bi-mensual titulado Las Mariñas, os días 1 e 15 de cada mes, periodicidade que semella excesiva na emigración se

⁹ Angel Jankilevich: *Historia de los Hospitales de Comunidad de la Ciudad de Buenos Aires*, www.aadhhs.org.ar

temos en conta que a maioría das publicacións que verían a luz despois tiñan periodicidade anual.¹⁰ Con este mesmo título existira un semanario en Betanzos entre os anos 1886 e 1893, con interrupción durante algúns anos, que acadou a publicar cento oitenta e dous números. Quizá a súa lembranza influíu á hora de poñerlle título.

No nº 6, do 1 de xuño de 1911 publican unha especie de editorial titulada “Resurgimos”. Parece ser que a publicación se paralizara durante uns meses debido a críticas recibidas.

Na cabeceira, dentro dunha orla debuxada, figuraba unha fotografía —a única que incluía a revista coa excepción dunha da xunta directiva— cunha vista xeral de Betanzos. A redacción e administración estaban domiciliadas na rúa Bolívar 173, a sé social de “Hijos de Betanzos”. Trátase dunha publicación de oito páxinas a dúas columnas. A última está toda ela dedicada a publicidade de pequenos negocios de asociados e achegados: dúas mercerías, tres xastrerías, dúas modistas, dous armacéns, dúas imprentas, un café restaurant, unha fiambrería, un de específicos para animais, unha xoguetería e bazar, e un anunciando vistas panorámicas de Betanzos. Tamén algúns de profesións liberais: avogado, escribano público... Das imprentas destaca en tamaño o da imprenta José A. Santos, en Méjico 1299, que era nesa altura o presidente da sociedade, e na que posiblemente se imprimía a revista, xa que non trae pé de imprenta. A outra imprenta era a de J. V. Uría e irmáns. Ademais do presidente impresor, varios dos anunciante son tamén directivos da entidade: o vicepresidente Angel Pérez coa súa tenda e mercería “Nueva Aurora” na rúa Rivadavia; o avogado Leoncio López Mosquera, vocal; o pro-tesoureiro Manuel Via, asociado con Naveira coa xastrería “La Económica”, ou o tesoureiro e administrador da revista Luciano Méndez, concesionario dos específicos Vitafena para animais.

Tiña seccións fixas: “De Betanzos” con novas necrolóxicas, natalicias e de sociedade; “Crónica Brigantina”, asinada por Juan de Cachiñas (seudónimo, creemos, de Juan Gómez Navaza); “Noticias locales” da colonia arxentina; “Hijos de Betanzos” con circulares e novas relativas á sociedade. Incluía poemas en galego de autores do noso Rexurdimento literario, xa falecidos nesa altura: Valentín Lamas Carvajal (O Alalalaa, nº 6), Manuel Curros Enríquez (As cartas, nº 6; O Ciprianiño, nº 7, A emigración, nº 10), Benito Losada, Alberto Camino (Nai chorosa, nº 3, figuran só as iniciais do autor) ou o betanceiro Fernando García Acuña (Orballeiras, nº 10); noticias sobre a construción do ferrocarril de Betanzos a Ferrol que se inauguraría ao ano seguinte; colaboracións de José Asorey, Picardel (seudónimo tamén de Gómez Navaza, pensamos), Jesús V. Uría, José Crespo Otero, estes dous últimos en versos casteláns.

Os prezos de suscripción eran de 1 peso arxentino por trimestre adiantado e 3 pesos por ano adiantado. Tamén figuran en pesetas. Por seis meses a suscripción costaba 5 pesetas e por un ano 8 pesetas. Barata non era, comparando os prezos que rexían aquí.

Para lograrlo hemos constituido una liga que costeando la pérdida que origine el periódico, (si la hubiere) ponga á este á cubierto de las contingencias que produciría en su marcha la falta de suscriptores. Creemos, ateniéndonos á las excitaciones que se nos dirigen y al empeño que todos pondremos en ello que ese caso no ocurra, pero dejamos constancia de esa resolución, porque nos guía el propósito de no omitir gasto alguno para que la hoja corresponda á la importancia de la colectividad y sea solicitada con interés por aquellos para quienes el nombre de Betanzos constituye una visión de la tierra ausente; y al mismo tiempo como justificativo de la rectitud que impondremos en la Administración del periódico, en defensa de los intereses que se nos confían y en honor de la confianza que en nosotros se deposita. “¿Lo querrán? ¡He ahí el problema!

10 No Arquivo Municipal de Betanzos hai os números 3, 4, 6, 7, 8 e 10.

Dende Betanzos, sen embargo, a sociedade e a súa publicación eran olladas coa máxima simpatía. O director da Banda Municipal, Antonio Segura, dedicáballe unha composición aos "Hijos de Betanzos", que estes agradecerían encantados.

E continuando con música, en 1912 a sociedade organiza unha festa no teatro Bos Aires "en honor del universalmente célebre brigantino Pepito Arriola", o pianista que comezara a súa carreira artística de neno prodixio e que entón estaba de xira na Arxentina. Ao parecer, segundo a crónica, asistiron entre tres mil cincocentos e catro mil espectadores ao acto celebrado o 15 de outubro dese ano.¹¹


Entre os subsidios que a sociedade dispensa a compatriotas e veciños necesitados está o envío de 100 pesetas para os sete orfos dunha muller que morreu nas obras do ferrocarril a Ferrol, na montería do Penso en 1910. Ao ano seguinte envían 50 pesetas para a suscripción que se está a facer en Betanzos para mercarlles aos irmáns García Naveira as insignias da Cruz de Beneficencia, coa que viñan de ser galardoados. Tamén dispoñen que o día da entrega se reparta medio kilo de pan aos pobres que o soliciten (*La Aspiración*, nº 42). No verán de 1914 envían 2.000 pesetas por conduto de D. Juan García Naveira (quen fai de intermediario en varias ocasións da sociedade betanceira, mesmo xa antes de constituirse a entidade) coa finalidade de adquirir instrumental de cirurxía para o hospital de San Antonio de Padua, do que a institución se atopaba deficitaria. O Concello en pleno acorda aceptar o legado.

Novamente en 1917 o Hospital de San Antonio viase beneficiado con outro legado dos betanceiros en Bos Aires. O concello acordaba outorgar un voto de grazas á sociedade "Hijos de Betanzos" polo valioso agasallo do "arsenal quirúrxico".

En 1923 a sociedade vai proceder a un reaxuste nos seus estatutos. Fálase de asociados, en lugar de fillos de Betanzos, debido a que xa habería unha xeneración de fillos arxentinos. Especificase que a sociedade non poderá cambiar de nome nin aceptar unión con ningunha outra baixo outro título, non poderá trasladar o domicilio fóra da capital nin inmiscuirse en cuestións políticas nin relixiosas. Pasa a segundo plano o relativo ao ensino en Betanzos (escolas de nenos e nenas), quizá porque a obra escolar dos García Naveira deixara sen sentido aquel obxectivo. A cota seguía a ser a mesma de 1905: un peso ao mes. Para ser admitido como socio inclúese a condición de non padecer ningunha enfermidade crónica recoñecida. Contéplase a revocación de dereitos aos socios de fóra da capital que deixaran de aboar seis mensualidades, o que indica que hai socios de fóra de Bos Aires, así como aos que insulten obscenamente algún consocio ou convidado (tería ocorrido algún caso). Explicítase a axuda moral que todos os socios están obrigados a manterse mutuamente: proporcionando traballo ou ocupación segundo as aptitudes de cada un, recomendando ou garantizando a súa conduta, defensa de arbitrariedades que contra eles se cometa... A metade dos ingresos pasa a dedicarse a axudas por enfermidade, repatriación e defunción. A comisión directiva aumenta a doce membros (antes eran once) e tres suplentes, aparecendo a figura de secretario xeral, e dous tercios da xunta directiva debían ser nativos de Betanzos e o seu distrito xudicial (o que indica o aumento de nativos arxentinos), e reuniariase dúas veces ao mes en lugar de unha. Institúese a figura do Tribunal de honor composto por cinco membros, que



11 *Nueva Era*, nº 17; 24 de novembro de 1912.




tería o carácter dun tribunal de apelación en todos os asuntos sometidos á súa consideración, ben por parte da directiva ou por socios que se consideren agraviados por algunha resolución. Normalmente este tribunal de honor compúñase por persoas de idade, con prestixio e traxectoria social dentro da colectividade. A asemblea xeral podía constituirse coa cuarta parte do total de asociados (antes a terceira parte), e a convocatoria fariase con oito días de antelación (antes 15). As asembleas extraordinarias podían convocarse a petición de 25 socios (antes 40). Tamén aparece como novidade a creación de comisións autónomas con dez membros como mínimo para contribuir ao engrandecementos social en diferentes fins. A reforma dos estatutos ou o cambio dos fins sociais somentes podería aprobarse pola metade máis un dos socios (antes as tres cuartas partes). En caso de disolución da sociedade (que non ocorrería mentres houbera dez socios comprometidos a sostela), os fondos distribuiríanse entre o Hospital Español e o Centro Galego de Bos Aires, en lugar do Hospital de San Antonio de Betanzos que contemplaban os anteriores.

O CENTRO SOCIAL BETANZOS

Por 1930 atopamos un cambio na denominación da sociedade: Centro Social Betanzos. Mais non cabe dúbida que se trata da mesma entidade que ademais ese ano celebra as súas “vodas de prata” cunha velada o día 6 de decembro no seu salón social na rúa Lima 733. De feito, na súa revista fan constar “fundado en 10 de Diciembre de 1905”. Neses anos trinta coexisten en Bos Aires outras sociedades representativas de concellos limítrofes con Betanzos e pertencentes ao seu partido xudicial, nunha especie de minifundismo que tendía a reproducir na emigración a estrutura municipal e mesmo parroquial do país de orixe, como xa vimos no caso de “Hijos de Ois”: a sociedade “Hijos Ayuntamiento de Coirós”, a sociedade “Bergondo y sus Contornos” e a “Sociedad Oza de los Ríos” (fundada o 14 de xaneiro de 1922). Algunhas

CENTRO SOCIAL BETANZOS
JUNTA DIRECTIVA

		
AGUSTÍN MONTOTO Sec. General	ANTONIO VAAMONDE Presidente	ANTOLIN PELLEJERO Tesorero
		
M. LOPEZ VEIGA Sec. de Actas	DOMINGO TENREIRO Vice - Presidente	ANTONIO ALONSO Pro - Tesorero
		
J. VIA GOLPE Vocal	FRANCISCO REGA Pro - Secretario	SEVERINO FARALDO Vocal
		
MANUEL J. PORTELA Vocal	ANGEL GIMENEZ Vocal	RAMON MENDEZ Vocal



Sede social:
Lima 733



*Directivas del Centro Social
Betanzos en 1931 (arriba) e
1935 (abajo).*





Tres aspectos do local do Centro Social Betanzos na Rúa Lima 733.

celebraban os seus actos e reunións no local do Betanzos. Os propios betanceiros non serían alleos a ese minifundismo parroquial ao crearse pouco despois “Hijos de Requián y Piadela”.

Por esta época vaise producir unha escisión entre a colectividade betanceira emigrada e un grupo vaise esgallar para fundar unha nova entidade que se vai denominar Centro Cultural Betanzos. Escisión que case se vai producir coincidindo co cambio de réxime en España, tres meses antes do advenimento da República, conxuntura política que parece estar detrás desta ruptura nos seus prolegómenos.

Semella que o Centro Social adquiriu unha orientación de certa selectividade, con actividades demasiado recreativas, fomentando os xogos de salón. Estas actividades non eran ben vistas por outros socios que querían unha entidade con máis compromiso social nun momento histórico de cambio político en España e en Galiza.

En 1935 o Centro Social Betanzos fará un chamamento á unión dun xeito curioso. Convocan unha “conscripción” de socios, outorgando distincións: Medalla de ouro ó que presente maior número de socios e 2 diplomas especiais ós seguintes. Sen embargo, na revista do ano seguinte non hai ningunha alusión a esta campaña que máis de unión semella de captación de asociados.

A entidade publicou unha revista co seu nome, de certo luxo e non exenta de calidade gráfica con portadas artísticas con obras de A. Montoto, Sotomayor e Veiga Roel. Saía anualmente coincidindo coas festas de San Roque. Nela colaboraron V. Abarrategui, Ángel López Veiga, José R. Lence, Germán Berdiales, A. Zapata García, Xosé Vía Golpe... Dende Betanzos aparecen colaborando o alcalde Ramón Beade, Juan P. Serrabona, J. Teijeiro, Celestino Luis Crespo, José Alguero, Vales Villamarín, Veiga Roel,... Publicaron tamén textos sobre Betanzos recollidos doutras publicacións.



FESTEJOS DE SAN ROQUE ~ 1932

O CENTRO CULTURAL BETANZOS

En cada gallego hay un dirigente de Sociedad. Aquí la Presidencia es un destino.
¡Y viva el Reino de Galicia!

Victor Luis Molinari: Itinerario; *Galicia Emigrante*, nº 1, xuño 1954.

O Centro Cultural Betanzos fúndase o 27 de xaneiro de 1931. O 17 de febreiro dese ano abría os salóns aos seus asociados na rúa Moreno 1059. E en agosto anúnciase a saída da revista *Betanzos* editada polo Centro Cultural Betanzos, "culto y prestigiosa sociedad" no dicir da revista *Céltiga*. Ademais na festa campestre a celebrar en agosto estaba prevista a filmación dunha película do evento (ao xeito do que facían outras entidades galegas da emigración) que se enviaría logo a Betanzos para proxectar no cine, cousa que descoñecemos se se chegou a realizar.

Manuel Freyre preside unha amplísima directiva de dezasete membros, ademais de tres revisores de contas, un da comisión de festexos e cinco da comisión de prensa. Vencellado a esta entidade vai aparecer por primeira vez o local social de Méjico 1660, vetusto caserón que permanecerá ligado á colonia betanceira por espazo de medio século.

O Centro Cultural buscaba nos sectores culturais, comerciais e oficiais de Betanzos o prestixio e a hexemonía entre os emigrantes. Pablo Rejo foi o encargado de levar en man aos comerciantes máis prestixiosos o primeiro número da revista, que tivo unha "carifosa" acollida. Estes enviaron cartas de felicitación que se publicaron no número dous con membertes de Bonome, Núñez e outros. Ademais anúnciase a toda páxina o xastre José Novo, quen sería alcalde accidental pouco despois. Para o Centro Cultural a revista era digno exponente de la cultura brigantina y la verdadera representación de la Colectividad en la Argentina." Xa no

número 2 aparecerá destacado na cabeceira como representante en Betanzos o debuxante e fotógrafo José Veiga Roel, quen sen embargo colabora tamén coa revista do Centro Social Betanzos. É de suliñar que varios dos seus contactos (Bonome, Novo, Veiga Roel) son nese momento concelleiros republicanos.

Na revista publican poemas de Cabanillas, Victoriano Taibo, López Abente, Matías Escariz, Eladio Rodríguez e reproducen outros de Valle Inclán, Villaespesa, Curros, Rosalía... Publican tamén textos de Otero Pedrayo, Augusto D'Almar, Ricardo Flores e Álvaro de las Casas. Aparte das fotografías de rincóns típicos mariñáns e betanceiros e da galería social (fillos de asociados e socias), aparecen debuxos de Castelao e un deseño de Camilo Díaz.

En 1935 o Centro Cultural Betanzos aparece vencellado á sociedade “Hijos de Requián y Piadela”, dúas parroquias betanceiras estas, no que parece un proceso de reunificación de pequenas entidades. A sociedade de Requián e Piadela estaba moi enfeudada con don Adolfo Sánchez Díaz, quen fora o último alcalde betanceiro da monarquía e sería repostado no cargo logo dos sete anos da Ditadura de Primo de Rivera, e que tiña a casa petrucial en Guiliade, na parroquia de Piadela. De feito, noméano presidente honorario e a revista publica a carta deste aceptando a distinción, carta que remata dun xeito un tanto clientelista, vendendo as xestións e os “celosos desvelos” para conseguir a luz eléctrica e a estrada de Guiliade a Guísamo, pese a que non gozaba nese momento da II República de cargos políticos.

Na revista que editan en agosto dese ano figuran as dúas entidades unidas: Centro Cultural Betanzos e Hijos de Requián y Piadela. En 1936 voltan publicar a súa revista, de bastante calidade gráfica e de contidos. En total coñecemos cinco números da súa revista, publicados anualmente de 1931 a 1936 mais unha publicación máis pequena e modesta de 1938. Polos contidos desta, precisamente, albiscamos as causas da separación da colectividade betanceira neses anos. Así sabemos que o Centro Cultural Betanzos organiza un festival de axuda á “España leal”. Na publicación insértanse chamamentos con alusións á causa da República: “Betancero: Como siempre, nuestra Casa Leal espera tu visita.” ou “Betancero: Nuestros hermanos sacrificados exigen unión y colaboración en la lucha por la independencia y libertad de nuestra tierra.” Mesmo un coengo da Catedral da Córdoba argentina pregúntase no seu artigo “¿Cuál hubiera sido la actitud de Cristo?” ou de qué lado debían inclinarse os católicos, non dubindo en contestar “Con el pueblo, por el pueblo y para el pueblo”.



Arriba, xunta directiva do Centro Cultural Betanzos (1931). Abaixo, Danza de Mariñeiras deste centro.



Na pequena publicación de agosto de 1938 explican a súa versión sobre a frustrada fusión:

Por qué fracasó la fusión

Es bien sabido que la fusión fracasó por no aceptarse que el nombre de la nueva sociedad llevara por base Centro Cultural Betanzos, impuesto por nosotros.

¿Por qué queríamos nosotros defender este nombre?

Porque sabíamos que la fusión estaba animada por intereses ajenos a nuestras sociedades.

Lo comprobamos, mientras se hacían los trámites de fusión: cuando las sociedades realizaron un pic-nic en conjunto con el propósito de disponer los ánimos para lograr la armonía que se buscaba y al cual sólo concurrieron del Social unas cinco personas a la tardcecita, ni una familia, ni un niño; cuando nuestro Comité organizó un banquete a beneficio de España Leal, al que no conseguimos atraer a ninguno de ellos; cuando Requián y Piadela se negó a acompañarnos para alquilar salón, como otros años, para dar la fiesta de San Roque, mientras por su parte se dedicaban ocultamente a la misma tarea; y aun observamos otros detalles, que por su índole no debemos mencionar.

Hoy es ya popular que los de Betanzos quieren formar un "grupo" que desbanque a otro "grupo" que actúa en una nobilísima institución regional.

Nosotros lo suponíamos y, recordando que el Centro Social tuvo un momento de vida fácil cuando estos mismos intereses le fueron favorables y que luego cuando le fueron contrarios cayó sin estrépito pero también sin dejar un recuerdo grato, previmos el mismo desenlace y exigimos que se mantuviera nuestro nombre, porque el Centro Cultural Betanzos surgió por culpa de ellos como un símbolo de normalidad social y no se animaría nadie a suprimirlo sin haber logrado antes superarlo. Cuando la voluntad sincera sea mayoría, la fusión será un hecho.

Despois da guerra civil española vaise producir unha reunificación dos betanceiros arredor da denominación Centro Betanzos, nome que xa se vai manter ata a actualidade. En 1934 xa aparecía este nome quizá por ter cambiado o de Centro Social. Con todo, deberon ficar resaiibos desa separación pois aínda en 1947 "Un betanceiro" paga un anuncio na revista social facendo un chamamento aos de Guiliade, que adoitaban facer festas por separado:

“¡¡ GUILIADE!!

Las grandes obras son posibles, si se deponen egoismos e individualismos en beneficio colectivo. Por encima de todo personalismo, debe estar la Institución, a la que debemos apoyar con todo nuestro esfuerzo, quienes quiera que sean los que la dirigen.

Los hombres pasan, el Centro Betanzos perdura.

¡¡Haga su obra!!”

O CENTRO BETANZOS

Froito da fusión ou reagrupación das entidades devanditas vai surxir o Centro Betanzos, denominación que continúa na actualidade a colectividade betanceira en Bos Aires.

A emigración galega en Bos Aires desenvolveuse entre tendencias minifundistas (sociedades parroquiais e de ámbitos territoriais menores que sobrepasaban as trescentas nos anos trinta) e de concentración. Castela insistiu moito no exilio bonaerense nesta cuestión, defendendo a creación de centros provinciais “como tránsito auspiciosos de una unidad más elevada”¹². Xurdirán así o Centro Ourense en 1941, o Lucense en 1943, o Pontevedrés pouco

¹² “...¿Puede acaso una asociación de cien personas, que sólo pagan un peso de cuota al mes, realizar en esta gran ciudad una obra cultural, recreativa, benéfica, mutualista o patriótica digna de ser tomada en consideración?...” Castela, en *Lugo*, Buenos Aires, 1944.



despois. Castelao, presidente honorario do Betanzos, facía unha excepción con este, que consideraba que tiña proxección provincial por corresponder a unha das provincias históricas galegas. Mais serodiantemente xurde o Centro Coruñés, en 1963. Sen embargo o Betanzos mantivo a súa independencia e tentou aglutinar a sociedades pequenas doutros concellos das Mariñas betanceiras, dándolles apoio loxístico e realizando conxuntamente actos sociais e conmemorativos.

En 1944 o Centro Betanzos aproba uns novos estatutos que serán reformados en 1952 e que virían conciliar as diferencias entre as entidades fusionadas. En 1953 farán unha edición destes estatutos. Neles os cambios máis salientábeis con respecto aos anteriores son a prohibición dos xogos de azar “y en especial de los denominados bancados”, insítese que carecerá de carácter político ou relixioso, sendo o seu lema “Por Betanzos, la Cultura y Solidaridad entre sus hijos”. Insértase como un fin da sociedade a publicación dun periódico ou revista titulado “Betanzos” para “propagar los fines de la Asociación y difundir el conocimiento general de lo que a Betanzos, sus personas y cosas se refiere”. Acórdase expresamente celebrar con actos conmemorativos de carácter extraordinario as datas do Día de Galicia, da fundación da primeira sociedade de Betanzos en Bos Aires, e as tradicionais festas de San Roque. En caso de disolución os fondos sociais serían distribuídos a partes iguais entre o Centro Galego e a Municipalidade de Bos Aires con destino á asistencia pública. As persoas “de sexo femenino” que ingresen denominaríanse socias beneficiarias, cos mesmos dereitos que os socios sen igualarse nas obrigas e a súa cota sería a metade. Cómpre ter en conta que os estatutos tiñan que observar a lexislación arxentina do momento (eran aprobados polo poder executivo) e estábase na etapa da presidencia do coronel Perón, unha dictadura con características fascistas. As mulleres (non tiveron dereito a voto ata moi tardiamente) non aparecen desempeñando cargos directivos ata os anos oitenta.

Arredor de 1956 o Centro Betanzos acada o meirande número de asociados (mil vintecatro) e a partir dos anos sesenta colle novos pulos coa chegada de mozos novos.

O Betanzos non só aglutinou ao seu redor aos betanceiros e os seus descendentes, senón tamén a emigrantes doutros concellos do partido xudicial de Betanzos. Xentes orixinarias de Oza dos Ríos, Coirós, Sada, Paderne, Abegondo, Bergondo... tiveron no Betanzos unha entidade que os acolleu aínda que os tres primeiros concellos tiñan a súa propia asociación emigrante en Bos Aires. Tamén emigrantes procedentes doutras zonas do país galego preferiron o agarimo do Betanzos á hora de relacionarse socialmente cos conterráneos. É resulta curioso como algúns arxentinos non galegos de orixe se integraron na sociedade betanceira, chegando mesmo a desempeñar algún cargo directivo. É o caso, por exemplo, dos irmáns Luis e Aquiles Lambruschini ou dos Nakamijo. En ambos casos trátase de individuos procedentes doutras comunidades emigrantes, italiana e xaponesa respectivamente, e que residían moi próximos á sede do Centro Betanzos. Aquiles Lambruschini, funcionario do Tribunal Supremo, comezou acudindo ao local social, inmediato á súa casa, a “botar a partida” e rematou sendo bibliotecario.¹³ Nos estatutos devanditos facíase constar expresamente que poderían ser socios os arxentinos, os naturais de Betanzos e o seu partido xudicial, os galegos, os demais españois residentes na Arxentina e tamén os nativos doutras nacións poderían ingresar, nunha proporción que non superase a terceira parte do total dos socios.


13 Segundo Andrés Beade, Aquiles rematou facéndose peronista e insistiu en colocar un busto do Xeneral Perón no local, cousa á que non accederon o resto dos directivos.

Tamén entre os compoñentes da Coral "Os Rumorosos" había varios que non eran galegos, entre eles o propio mestre Corallini, o seu director, arxentino "que se siente gallego sin haber nacido en Galicia".

LOCAL DE MÉXICO 1660

"El Centro Betanzos tiene su residencia en una amplia casa en la que también conviven más de una veintena de asociaciones, en su mayoría de la provincia de La Coruña y con las cuales este centro tiene muy estrecha relación, hasta el punto de que, con ellos, ha constituido una superentidad que, en determinadas ocasiones y en fraternal unión, realizan actos de gran trascendencia que suelen ser verdaderos acontecimientos en nuestra colectividad. En la sede social, antigua y lujosa residencia de una acaudalada familia, hay gran profusión de cuadros y fotos que le recuerdan al visitante la comarca brigantina, los lares nativos, y despiertan la "morriña"...

Avelino Díaz, *Anuario Brigantino* 1951.



Fachada do local da Rúa México 1660, sede da colectividade betanceira por máis de medio século.

Dende os anos trinta a colectividade betanceira tivo como sede social unha ampla casa señorial (de 20 por 50 metros de fondo e patio traseiro) situada no 1660 da rúa México, en pleno centro de Bos Aires. Xa vimos como de primeiras aparecía vencellada ao Centro Cultural Betanzos. Esta residencia era propiedade dunha familia de emigrantes españoles instalados con negocios de moblarías. Durante máis de medio século esta vai ser a casa dos betanceiros en Bos Aires, e non só dos betanceiros, pois aquí terán a súa sede compartida entidades do partido xudicial de Betanzos e outras como a ABC de Corcubión e moitas máis.

O buffet ou bar-restaurant ocupaba unha parte do edificio e a el accedían clientes alleos ao Centro Betanzos. Os socios deste gozaban de prezos especiais para toda clase de celebracións e banquetes que alí realizaban. O buffet subalugábase en réxime de concesión polo Centro Betanzos. Na publicación societaria do ano 1956 lemos este anuncio: "O millor xantar do mundo / en rúa México 1660 / co Brigantino Bernardino García / o Bufeteiro do Centro Betanzos." Curiosamente, o Brigantino Bernardino era de Sada. Despois o "bufeteiro" foi José Caamaño (de Camariñas), quen despois de deixar a concesión seguía a anunciarse e saudar aos socios a través da revista. Nos anos setenta a concesión tívola Antonio Fuentes.

Posteriormente, as sucesivas subas do aluguer por parte dos propietarios do edificio (que, por outra parte, tampouco o querían vender) afogaron a economía da sociedade que tivo que abandonar finalmente o vetusto caserón.

ACTIVIDADE SOCIAL

As conmemoracións e banquetes constituían un punto de encontro e a posibilidade de contacto con outras familias emigradas, nalgúns casos xa coñecidas de antes, e mesmo de que as fillas e fillos dos emigrantes entabooaran relación.

Ademais do Banquete de aniversario, celebrábanse festas campestres (tres picnis por exemplo no ano 1961, nos meses de xaneiro, febreiro e marzo, coincidindo co verán austral) no Recreo da Federación de Sociedades gallegas en Punta Chica. O Entroido festexábase con

bailes de máscaras e algún ano Enterro da sardiña, revivindo o que en Betanzos se celebraba dende primeiros do século XX.

A festa da Madalena, a primeira do ciclo festivo en Betanzos, o luns de Pascua, tamén tiña o seu eco porteño, na que “no faltarán los higos, las cacahuets, las uvas pasas y otras golosinas típicas del Lunes de Magdalena en el populoso barrio de La Magdalena (Betanzos) que tanto añoran los numerosos vecinos emigrados en Buenos Aires y en general todos los betanceiros.” Efectivamente eran moitos os veciños dese barrio (que pouco despois deixaría de ser “populoso” co derribo de moitas casas polo ensanche da estrada), destacando a familia López García, que deu dirixentes ao Betanzos e un compositor de sona. E, por suposto, as festas de San Roque e os Caneiros celebrábanse con veladas artístico-danzantes. Por último, o xantar de camaradería que adoitaba celebrarse con representantes doutras entidades galegas.

Durante algúns anos o Betanzos disfrutou dun campo de deportes propio en San Isidro e así figura na cabeceira da revista por 1946. En 1948 aparece citado como Campo de recreo “Os Caneiros”- San Isidro F.C.C.A. Sen embargo este terreo viuse afectado posteriormente pola construción da autopista Iberoamericana, o que provocou unha pequena crise na entidade.



Grupo de betanceiros no campo de recreo do Centro Betanzos (1952).



Banquete social no ano 1961. No lado da esquerda: Antonio Fafián, Manuel Otero «Seixo», Luis García, Enrique Sónora, Marcial Folgueiras e Luis Picado. Na dereita: Pepe Otero, Andrés Beade, Enrique Lousa, Señora de Pepe Otero, América Pérez, Maruja Novo, Marta de Rifón e José Luis Rifón.

COMPROMISO COACULTURA GALEGA

Destacados persoeiros da cultura galega en Bos Aires participaron moi activamente nas actividades do Betanzos, sobre a todo a partir da guerra civil española que levou ao exilio a moitos dos nosos máis destacados persoeiros. O primeiro entre todos, Castelao, sempre moi vencellado ao Betanzos dende a súa chegada a Bos Aires, do que foi nomeado Presidente de Honra. O sadense Ramón Suárez Picallo, xornalista e avogado. Antón Alonso Ríos, deputado pontevedrés exiliado logo de numerosas peripecias narradas no libro *O señor Afranio*, e presidente do Consello de Galiza. O escritor Xosé Neira Vilas, moi vencellado ao Betanzos que aparece nalgunha das súas historias de emigrantes, colaborando na revista en varias ocasións.

Entre os que xa se atopaban en Bos Aires antes da guerra citemos a Eduardo Blanco Amor (que ten colaborado na revista *Betanzos* con textos especiais), Rodolfo Prada (orador en varios actos, colaborador da revista nalgunha ocasión e autor do folleto sobre Antolín Faraldo que editou o Betanzos), Ricardo Flores (dramaturgo da veciña vila de Sada, que colaborou varias veces na revista), o escultor e gravador Domingo Maza (que colaborou con gravados na revista e faría o busto de Castelao) e outros moitos.



Coral «Os Rumorosos», dirixida por José Corallini.

A Biblioteca social

Levaba o nome do ilustre betanceiro Antolín Faraldo. Inaugurouse con solemnidade o 2 de agosto de 1947, abrindo o acto a masa coral Os Rumorosos que interpretou o himno galego, intervindo o presidente da comisión de cultura Rafael Cabo (fillo), o secretario do Consello de Galiza Antón Alonso Ríos, a rapsoda Josefina García recitando poemas galegos. A continuación, o secretario do Betanzos Antón Suárez Do Pazo ofreceu ao director do coro, mestre José Corallini, e a cada un dos seus compoñentes as medallas de prata cumprindo o mandato da asemblea xeral celebrada meses antes, medallas que foron entregadas polo presidente Juan Suárez. Houbo palabras de agradecemento de Corallini e unha representante do coro, que interpretou varias cancións, pechando o acto o poeta Avelino Díaz.

O primeiro bibliotecario foi Martín Nakamijo e posteriormente foino Aquiles Lambruschini, dúas persoas que nada tiñan que ver con Betanzos, de orixe xaponés o primeiro e italo-argentino o segundo.

A biblioteca foi medrando con doazóns de socios, algúns autores e de editoriais: “La Editorial Losada viene obsequiándonos periódicamente con ejemplares de diferentes publicaciones españolas de los últimos tiempos”, dicían na revista por 1962. En 1960 contaba a biblioteca cunha “magnífica colección bibliográfica compuesta por más de 1500 volúmenes”. Colección que foi ampliándose paseniñamente. A partir do 1º de xaneiro de 1961 anunciaba que abría ao público polas tardes de luns a venres. Os socios e socias poderían retirar un tomo cada vez para ler no seu domicilio. Contábase facer un catálogo coas obras existentes para facelo chegar aos asociados. Na actualidade conta con máis de 2500 volumes.

Nalgunha ocasión, xa na etapa democrática no noso país, o Centro Betanzos fixo doazón á Biblioteca Pública de Betanzos de exemplares valiosos como o de *As cruces de pedra na Galiza*, de Castelao.

O Coro “OS RUMOROSOS”

Entre os conxuntos máis prestixiosos do noso mundo enxebre cabe lembrar “Os Rumorosos”, que baixo a dirección do distinto músico e poeta Manoel Prieto Marcos, cumpriu un ciclo xerárquico que desgraciadamente non quedou rexistrado na placa fonográfica a causa da esaxerada teima perfeccionista do seu director, que sempre coidaba que o coro debía perfeccionarse aínda máis.

Bieito Cupeiro: *A Galiza de Alén Mar*. Edicións do Castro, 1989.

Outro orgullo da entidade no campo cultural consitúeo a Coral Polifónica Os Rumorosos, fundada en 1933. Nun primeiro momento debía ser allea á colectividade betanceira, pois moitos dos seus integrantes iniciais procedían de diversos puntos de Galicia. Nese ano fundacional publicou unha revista co título de *Alalá*. Logo aparece vencellada ao Centro Cultural Betanzos (na revista desta entidade de 1935 aparece unha foto do coro). Os seus primeiros directores foron Isidro B. Maiztegui e o poeta Manuel Prieto Marcos. Na súa longa traxectoria acadou diversos premios como o mellor coro da colectividade galega, en 1946, baixo a dirección de José Corallini. A Corallini, director de 1942 a 1949, sucedeuno na dirección o compositor betanceiro Carlos López García, “Chapa”, axudado por Alfredo Castro, compostelano de Bastabales.

Contou Os Rumorosos con membros que non pertencían á colectividade galega:

Hay en nuestra coral, un porcentaje muy elevado de coristas argentinos de ambos sexos; tenemos otro buen número de españoles no gallegos, y tenemos un italiano que nos enorgullece —el amigo Colaccico—; todos estos grandes elementos nos acompañan por su gran amor a Galicia y la música emotiva y agarimosa de nuestra ‘terriña meiga’...

Agustín Cachaza: A los coristas no Gallegos de la Coral del Centro Betanzos “Os Rumorosos” y al maestro Corallini, *Betanzos*, n° 42, decembro 1947.

Caso especial, aparte do propio Corallini, é o do italiano Antonio Colaccico, destacado barítono do Coro que foi agasallado pola entidade en 1951. Nunha entrevista de 1972 lembraba a súa incorporación: “Cuando el maestro José Corallini se hizo cargo de la dirección del coro fui invitado por él a sumarme al elenco. Con Corallini me une una gran amistad desde que ambos nos conocimos en el Conservatorio Nacional como alumno de él. Por esa vía empecé mi vida de corista de Os Rumorosos”.

Posteriormente, en 1971 a coral grabou un disco patrocinado polo Centro Lucense. Actualmente dirixe o coro, que tamén conta cun grupo estritamente feminino, o profesor Hugo Muñoz.

Grupo de baile “BRÉTEMAS E RAIOLAS”

Outra actividade complementaria da anterior é o grupo de baile chamado Brétemas e Raiolas. Os seus responsables eran Alejandro Barandela e Pablo Fernández. Posteriormente, o seu director foi César Quiroga Casares e baixo a súa dirección obtivo o primeiro premio de danzas galegas no único concurso que se celebrou en Bos Aires. En total, entre cantantes, bailaríns e músicos, chegou a agrupar a 50 persoas. O grupo ten actuado con éxito en escenarios relevantes como os teatros Colón, San Martín, Coliseo e Avenida. Na actualidade o seu repertorio contempla temas iberoamericanos e internacionais, sen excluír o galego, situándose entre os coros máis destacados no ámbito arxentino. Tamén ao abeiro do Centro Betanzos naceu en 1984 o conxunto “Xeito Novo”, o grupo de música celta e galega máis importante do país que o pasado ano celebrou o seu vixésimo aniversario.

Conxunto de danza “CÉSAR QUIROGA”

Dentro das actividades de fomento do folclore galego destaca tamén un conxunto de danzas fundado en 1950, se ben xa anteriormente existía a tradición dun grupo infantil de danzas que interpretaban a ancestral danza gremial dos mariñeiros, típica da tradición cultural betanceira. De feito, na publicación do Centro Cultural Betanzos de agosto de 1938 campá na portada a foto dos nenos integrantes da danza típica dos mariñeiros. Tamén esta entidade tivo un grupo de adultos de danza de mariñeiros.

Clases de lingua galega

A finais dos anos oitenta o Betanzos seguía a acoller a todos aqueles dispostos a traballar e aprender a prol da nosa lingua e cultura. César Varela nun artigo publicado en 1986 referíase así á actividade de varios vellos galeguistas:

A todos eles [reférese a Castro Morgadanes, Xan González, Ricardo Flores, Pedreira, Anxélica Fontenla] coñecemos no histórico Centro de Betanzos, onde manteñen unhas animadas clases de lingua e cultura galegas baixo a dirección do seu culto profesor Hixinio Martínez, fuxidos todos do oficialista Centro Galego, onde antes desenvolvían as súas actividades culturais.

Ademáis dos citados galeguistas, a estas clases acudían persoas alleas a Galicia desexosas de coñecer a súa lingua e cultura: "Curiosamente, todas estas xentes procedentes doutras culturas, asisten entusiasmadas ás clases de galego do Centro de Betanzos".¹⁴

Edición de libros e folletos

—*Conferencia de Rodolfo Prada sobre Antolín Faraldo.*

Rodolfo Prada: "Antolín Faraldo". Conferenza pronunciada o día 22 de xullo do 1953 no Centro Galego de Bós Aires. Edicións Centro Betanzos. Bós Aires. 1954.

Trátase dun folleto de 30 páxinas. No colofón faise constar o seguinte: "Edición de mil exemplares custeada pol-o distinto asociado do Centro Betanzos, e fillo de isa cidade, don Xosé Viqueira, que saíu do prelo en Bós Aires o día 28 de Xuño de 1954, no XVIII aniversario do plebiscito da autonomía de Galiza, data que sinalou o conqurimento nas furnas das ideas espalladas por Antolín Faraldo de liberdade prá nosa terra."

—*Folleto Betanzos honra aos seus Mártires.*

"Betanzos honra a sus mártires. Comité de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito. Julio de 1955. Betanzos – La Coruña. España."

Trátase dun folleto de 24 páxinas que ten na portada o debuxo de Castelao pertencente ao álbum *Galicia Mártir* co pé: "Non enterran cadavres; enterran semente. – Castelao". Leva unha Introducción asinada en Bos Aires o 20 de xullo de 1958 pola "Comisión en la Argentina de Homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito". O relato dos feitos parece ser que é da autoría de Ramón Beade Méndez, dirixente agrario socialista, que fora Deputado a Cortes e Alcalde de Betanzos e que falecería pouco despois o 5 de xullo de 1956. Alberto Vilanova di na súa obra monumental *Los gallegos en la Argentina* (páx. 1393) que a súa redacción (querendo dicir quizá a súa edición) "se debe a los entonces directivos Srs. Angel García Golpe y Andrés Beade". O folleto parece que se distribuiu en Betanzos polos anos sesenta, máis tarde da data da Introducción e por suposto da que figura na capa, pois algúns dos primeiros envíos foran interceptados pola Garda Civil. O enderezo que figura na contracapa é o de Andrés Beade Dopico, fillo de Ramón e emigrante na Arxentina dende 1953. A súa posesión podía acarrear un grave problema durante os anos da Dictadura franquista polo que compría agachalo, como fixo o que me facilitara hai anos unha fotocopia, o desaparecido dirixente comunista local Ricardo García Gondell, quen o tivera agachado no faiado debaixo das tellas.¹⁵

14 César Varela: "Buenos Aires: unha ollada en clave galega", en *A Nosa Terra*, nº 301 e 302, de 9 e 23 de outubro de 1986.

15 No ano 2001, no marco dun congreso sobre o Exilio Galego, publicouse unha edición facsimilar ao coidado de Víctor Manuel Santidrián Arias e con prólogos de Andrés Beade Dopico e Xesús Alonso Montero. A edición foi subvencionada pola Fundación 10 de Marzo de Comisiones Obreira, o Concello de Betanzos e o Consello da Cultura Galega. En Betanzos agasallouse cun exemplar aos asistentes ao acto da súa presentación, realizada por Xesús Alonso Montero.

—*Libro de Manuel Lueiro Rey: “Un tempo de sol a sol”*, con ilustracións de Luis Seoane. Premiado na III Feira Nacional do Libro celebrada en Vigo en 1973.

—*Libro de Carlos Penelas: “De Espenuca a Barracas al Sur”*. Coedición co Concello de Betanzos.

En xullo de 2004 lanzou o seu selo Centro Betanzos Ediciones, inaugurado coa obra de Carlos Penelas “*Cuaderno del Principe de Espenuca*”.

AREVISTA *BETANZOS*

Durante anos o Centro Betanzos vai editar a revista *Betanzos*, con periodicidade anual (agás contadas excepcións), unha publicación de referencia non só para a colectividade emigrante senón tamén para as escasas persoas que a recibían en Betanzos de xeito máis ou menos clandestino. A propia entidade era consciente desta influencia e así o indican nun editorial: “Hoy por hoy único órgano periodístico brigantino sustraído a la censura franquista y, en cierto modo, vocero de la expresión democrática del pueblo de Betanzos, no obstante su impresión en la emigración.” (nº 58, páx. 35, agosto 1962).

E así era de feito, constituíndo para aquelas minorías ás que chegaba anualmente a publicación dende América un pequeno bocado de liberdade. Parece ser que a revista traíana emigrantes ou empregados dos barcos cos sobres e direccións e botábana ao correo en Vigo ou na Coruña.

Xa vimos como nos estatutos de 1944 figuraba expresamente entre os fins a publicación dun órgano titulado “Betanzos”. O primeiro número que coñecemos é de agosto de 1946 e leva o número 41, o que non quere dicir que antes saíran corenta números. Non semella posíbel que sacaran corenta números dunha publicación sen que deixara algún rastro. Nin siquera sumando xuntos todos os números das publicacións que editara a colectividade betanceira ata ese momento (10 números de Las Mariñas, 3 do Centro Social Betanzos, 4 do Centro Cultural Betanzos) daría ese número. Inclinámonos por pensar que cando se publica o nº 41, correspondente co editorial “Nuestros 41 años de vida”, dalgún xeito intenta confundirse a numeración da publicación cos anos da entidade. Só así nos explicamos este feito.

Ata 1951 saíu máis ou menos coa periodicidade anual. Logo hai un salto ata o ano 1960, en que vai aparecer cada dous anos. Prodúcese outro salto entre 1964 e 1971 en que non se publica. En 1972 aparece en forma de periódico, figurando como director Jaime Pita, con moitas reportaxes e noticias de Betanzos, en ton crítico moitas veces.

En agosto de 1979 prodúcese un cambio na cebeceira incorporando un deseño de Mallo López, consistente nunha gaviota sobre o título, e figurando como director Andrés Beade. Posteriormente aparecen algúns números que incorporan ao título o ano de publicación: Betanzos´89, Betanzos´90...

Ao longo de tantos anos foron moitos os colaboradores da revista. Dende emigrantes asociados a persoas vencelladas á asociación ou escritores galegos que colaboraron dende Galicia ou ben se lles reproduciron textos. Entre os primeiros: Antón Suárez Dopazo, Xosé Ares, Manuel Barreiro, V. Abarrategui Paradela, Lois Cortiñas, Manuel Roel, Jaime Pita, Enrique Lousa Pandelo, Enrique Sóñora, Andrés Beade... Vencellados á asociación ou galegos relevantes na Arxentina: Gumersindo Sánchez Guisande, Maruja Boga, Fiz A. Fernández, Avelino Díaz, Xosé Núñez Búa, Rodolfo Prada, Ramón Suárez Picallo, Eduardo Blanco Amor, Neira Vilas, Leopoldo Nóvoa, Ramón Rey Baltar, Laxeiro, A. Tenreiro, Ramón de Valenzuela, Alberto Vilanova. Colaborando dende Galicia Jesús Alonso Montero e outros.

Do poeta betanceiro Celestino Luis Crespo reproducen algún poemas do libro que viña de publicar *Brétemas mariñás*, o primeiro en galego da postguerra. Tamén textos de Francisco Vales Villamarín, Alfredo Curiel, debuxos e fotos de Veiga Roel.

En 1989 aparece *Nueva Historia, publicación de la subcomisión juvenil del Centro Betanzos*, revista que tiña vocación de bimensual e sacou un número en abril e outro en agosto de 1989. É unha publicación ciclostilada, de pouca calidade técnica. No número de 2 de xaneiro de 2000 a publicación *Galicia en el mundo* incluíu un caderniño de cultura especial de oito páxinas dedicado á Asociación Centro Betanzos.



Portada da revista Betanzos de 1962, por XELP (Xosé Enrique Lousa Pandelo).

COMPROMISO DEMOCRÁTICO

O compromiso do Centro Betanzos coa causa da II República española derrotada polo fascismo é unha constante, non xa nos primeiros anos da postguerra senón incluso décadas despois. A lembranza de persoeiros betanceiros da II República é continua na revista da entidade: o ex-alcalde e deputado Ramón Beade, o alcalde do Frente Popular Tomás López da Torre, fusilado; Bernardo Miño, dirixente agrario e concelleiro socialista, paseado. Mesmo cando fallece o concelleiro republicano Ricardo Bonome Seoane publican unha ampla nota necrolóxica.

O asentamento da democracia en España é unha arela defendida por todas as directivas que tivo o Centro Betanzos despois da guerra civil española. Así, en agosto de 1962 rematan o seu editorial transmitindo “un cordial y afectuoso saludo a nuestro Betanzos, augurándole un inmediato futuro democrático y de bienestar social”. Nese ano suscriben e difunden con outras entidades galegas e españolas unha declaración de adhesión ás folgas que mantiveron os traballadores de Asturias, País Vasco e Cataluña, e ás manifestacións estudiantís que se produciron.

Por outra banda, o Betanzos sempre se significou na defensa dos perseguidos polas ditaduras latinoamericanas, acubillando no seu seo a activistas e representantes de agrupacións exiliadas forzosamente dos seus países: uruguayos, chilenos... O mesmo ocorreu cando a última ditadura militar arxentina, implantada no 1976, acochando á CTERA (Confederación de Traballadores da Educación da República Arxentina) e ao deputado nacional polo socialismo Alfredo Bravo, como el mesmo recoñecía nun artigo recollido na páxina web da entidade:

Quando salí de la cárcel la primera visita que hice, a pesar de tener libertad vigilada, a pesar de prohibirme la dictadura todo movimiento, fue ir al Centro Betanzos y abrazar a los amigos, porque no solo habian dado cobijo a la CTERA, sino que habian hecho todo lo posible y lo imposible por ayudarme a mi y a mi familia.

Homenaxe aos mártires betanceiros

No transcurso da conmemoración das Festas de San Roque en agosto de 1956 o Centro Betanzos realizou o venres 24 de agosto no seu casal social unha “Omenaxe os mártires betanceiros asesiñados pola tiranía franquista”. O programa do acto consistiu na interpretación do hino galego; unha verbas limiares do presidente José Luis Fariña, pechando o acto o deputado galego e membro do Consello de Galiza e delegado de Chile ao primeiro Congreso da

Emigración Galega Ramón Suárez Picallo, “recordando os que foran Seus Compañeiros de loita e de espranza”.

Posteriormente, en agosto de 1959, colocouse no vestíbulo do local social unha praca lembratoria cos nomes dos trinta e tres betanceiros vítimas dos sucesos derivados do golpe militar de 1936 que leva na cabeceira este texto: “Betanzos honra a sus mártires caídos en defensa de la República”.

COMPROMISO GALEGUISTA

Entre as máis sinaladas entidades galeguistas, enroitadoras do quefacer colectivo, merece tamén un posto de honor a “Asociación Benéfica e Cultural do Partido de Corcubión”, que xunto co Centro Betanzos estiveron sempre ó servizo incondicional da causa galega. (...) E no tocante ó Centro Betanzos, o seu casal de México 1660 constituiu sempre un dos abeiros societarios que máis rexa postura patriótica amostrou en todo intre dentro da colectividade. Nos seus salóns desenroláronse moitos dos máis importantes aconteceres e actos do galeguismo que axudaron a manter vixentes os ideais democráticos dos galegos de aquén mar; e dentro das súas ringleiras aparecían guieiros como Antón Suárez do Pazo, Xosé Folla, Xosé Daporta, Agustín Freire, Lois Ares, Andrés Beade, Ricardo [Osvaldo] Dans e moitos máis.

Beito Cupeiro: *A Galiza de Alén Mar*. Edición do Castro, 1989.

Non é raro, pois, que as Mocidades Galeguistas, constituídas o 28 de agosto de 1953 como unha especie de xuventudes da Irmandade Galega, celebrasen reunións os sábados alternativamente no Centro Ourenán, no de Betanzos, no Coruñes e no Pontevedrés, “aínda que gustaban máis de reunirse nos dous primeiros por seren os máis afíns á súa causa.”¹⁶ Algúns dos seus membros, como Antón Santamarina ou Xosé Neira Vilas tiveron moita relación co Betanzos.

No editorial da revista de decembro de 1948 afirmase: “Hemos dado a nuestra labor una definida y clara orientación patriótica gallega...” É o ano en que nomean a Castelao presidente de honra, coincidindo coa aparición de Suárez do Pazo e outros galeguistas na directiva.

En 1953 o Centro Betanzos pronúnciase no contencioso surxido co himno galego, desvirtuado co título “Himno aos Pinos” en actos celebrados o Día de Galiza por algunhas entidades galegas. A coral Os Rumorosos comprometida a actuar nun dos actos vese mesturada na polémica. A directiva decide acordar que de aí en diante o coro non actuaría en ningún acto organizado por entidades galegas onde sexa incluído o himno galego con calquer outro nome. Invita a todas as masas corais a que se sumen a esta actitude e enviar copia do acordo a entidades galegas, xornais e agrupacións.

Nomeamento de Castelao como Presidente¹⁷

Ao chegar ao exilio bonaerense, Castelao vai conseguir aglutinar aos galegos da emigración máis conscentes ao redor da idea da defensa da democracia e da personalidade diferenciada de Galiza. Lembremos brevemente: Pouco despois da súa chegada en 1940, funda a Irmandade Galega para desempeñar o labor do Partido Galeguista. En 1944 constitúese o Consello de Galiza, órgano que intenta representar a lexitimidade republicana de Galicia no exilio e do que

16 B.C.: A cincuenta anos da fundación das Mocidades Galeguistas. Os mil fillos de Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 1098, 2/8-X-2003. Ver Neira Vilas en Memoria da emigración.)

17 Este apartado e parte do seguinte forman parte da miña intervención titulada “Relación de Castelao con Betanzos” nas “Xornadas de estudio e debate sobre Castelao, no 50 cabodano” organizadas polo concello de Betanzos os días 31 de marzo e 1 de abril do ano 2000.



Castelao (sentado con gafas) con directivos das sociedades do partido xudicial de Betanzos o 6 de outubro de 1947. Á súa dereita, Antón Suárez Dopazo, do Centro Betanzos.

Castelao será o seu presidente até a súa morte. É o ano da publicación do "Sempre en Galiza", importantísimo ensaio sobre o decurso histórico do país galego, a análise dos últimos acontecementos e o posicionamento que lle compre a Galiza no futuro próximo. En 1947 regresa de París, onde formara parte do goberno republicano durante un ano, e é recibido apoteosicamente en Bos Aires. Ao ano seguinte, no Día de Galiza, le o seu famoso discurso "Alba de Gloria". Castelao é un mito en vida.

Neste senso, as relacións de Castelao coa emigración galega e as súas sociedades foron moi intensas. Co Centro Betanzos, entidade que mantivo ao longo do franquismo a defensa da causa republicana, democrática e galeguista, non o foron menos. Relacións facilitadas pola identificación dos dirixentes betanceiros daquela hora co ideario que Castelao representaba. O Betanzos formou parte dunha comisión intersocietaria que organizaba tódolos actos de celebración patriótica: o aniversario do plebiscito do Estatuto, o Día dos Mártires, o día de Galiza, ou o aniversario da República.

Non é de extrañar, pois, que a Comisión directiva do Betanzos acordara por unanimidade en sesión celebrada o 24 de xuño de 1948 nomear a Castelao presidente honorario da entidade.

O presidente Juan Suárez e o secretario xeral Antón Suárez do Pazo, tío e sobriño creemos, asinan a carta datada a 10 de xullo na que lle comunican a Castelao o acordo adoptado e pregandolle que acepte a distinción "en mérito á súa patriótica laboura en col da difusión e defensa dos problemas de Galiza, i-a súa insobornábel aitude en Hespaña e no extranxeiro, sempre ó servizo da nosa patria". Na propia carta definen ao Centro Betanzos como "entidade



netamente galega, e plenamente identificada co movemento de recuperación das liberdades da nosa terra”.

Castelao contesta cunha carta manuscrita o 7 de agosto aceptando o nomeamento. Leva o membrete do Consello de Galiza e dí así:

“Bos Aires, 7 de agosto do 1948
Consello de Galiza
Sr. Dn. Juan Suárez
Presidente do Centro Betanzos
Bos Aires

Meu querido amigo e compatriota:

Recibín a súa carta dándome a coñecer un acordo da Comisión Directiva do Centro Betanzos, pol-o que se me desina Presidente Honorario d-esa Asociación. Xa me sentía honradísimo con sóio merecer o agarimo de vostedes, e non minto ao decírlles que me abruma o favor que acaban de facerme ao darme un título que non sei cómo pagarlles. Para min Betanzos –como xa dixeran en público– representa algo máis que a xurisdición municipal ou xudicial que agora leva ise nome: representa unha histórica e gloriosa provincia, que foi varias veces a cabeza de Galiza. Eu vexo ao Centro Betanzos coa categoría que o seu escudo simboliza, é decir, como un Centro Provincial. E teñan a seguridade de que o meu agradecemento non é finxido, senon sentido, arelando que poida desmostralo con feitos e non con verbas.

Moitísimas gracias, moitísimas gracias.

Reciba vostede e os seus compañeiros de Comisión un saúdo fraternal.

Castelao.”

Ao día seguinte Castelao participa na celebración das festas da sociedade betanceira e preside (como presidente do Consello de Galiza) un gran banquete que xunta 500 persoas de todas as entidades do partido xudicial de Betanzos. Na súa intervención, saudada con afervoados aplausos, lembra que foi no Centro Betanzos onde dera a súa primeira conferencia ao chegar a Bos Aires e que tamén foi no Betanzos onde participou no primeiro banquete da coleitividade.


Cómpre dicir que, de entre todas as entidades galegas, só o Centro Betanzos e o Centro Ourensán compartían esta Presidencia honoraria de Castelao.

A distinción de Presidente de Honor do Centro Betanzos foille entregada a Castelao o 21 de agosto de 1948 nun acto público celebrado no local social da entidade, rúa México 1660, como colofón da celebración das festas tradicionais. O diploma que se lle entregou levaba a seguinte lenda:

Considerando: que o Dr. Alfonso R. Castelao é un outo eixemplo de lealdá e fidelidade á patria galega, e representa o latexar dos nosos sentimentos, i o anxeio colectivo d-unha Galiza ceibe, na sesión do 24 de xuño, por unanimidade, resólvese nomealo Presidente Honorario do Centro Betanzos.

A entrega realizouna o secretario Suárez do Pazo, cun discurso do que entresacamos este párrafo:

Nomear un Presidente honorario, na maioría dos casos significa un compromiso intranscendente i-un feito rutinario sin ningunha significación, posto que se considera como un adorno na vida societaria. Pero nomear en estos tempos Presidente honorario d-unha entidade galega ao Dr. Caste-



Año del Libertador General San Martín.
Bós Aires 8 de Xaneiro de 1950.

CENTRO

México 1660



BETANZOS

Buenos Aires

CASTELAO entrou na inmortalidade

O sábado 7 de Xaneiro as 11 da noite unha noticia encheo de doer a toda a co-leitividade galega de Bós Aires.

No sanatorio do Centro Galego acabábase d-extinguir a vida do guieiro da galegitude.

Victima d-unha longa e treicionera enfermédá, Alfonso R. Castelao morría entre a admiración, o cariño, o respeto i-as bágoas de todo galego ben nascido, e aínda d-aqueles que sin sere galegos admiraban ó lider do movemento nacional galego.

Tempo había que se esperaba o fatal desenlace. Aquiles que coñeciamos o seu estado de saúde i-o longo e penoso proceso da sua enfermédá, sabiamos que non había remedio par-a sua doencia.

Pero aínda eisí aferrábamonos a unha romántica esperanza, agardábamos aínda que íose un milagre, calisquera cousa, pois non podiamos conformarnos c-a realidade da sua morte a corto prazo.

Mais o destino íreunos no mais celme do noso sentimento; a mais outa figura da Galiza contemporánea morreo na tristeira noite do 7 de Xaneiro, perdendo con elo Galiza ó mais esgrevio dos seus fillos i-o mais afervocado paladín das suas liberdades.

A noticia chegou a todol-os fogares, i-en todos houbo a mesma eixpresión de doer, de rebeldía, de tristura.

E que Castelao era unha figura de todos ben querida.

Calisquera galego de calisquer tendencia, o quería i-o respetaba.

Il encarnaba a xenuina representación da nosa patria. Il era o guieiro máximo, o lider indiscutido das nosas aspiracións. Il ío por dereito propio, ¡Galiza!, porque



Castelao era Galiza e Galiza era Castelao.

Ben pronto o salón principal do Centro Galego, onde ío velado o insígne fillo de Galiza, íeuse totalmente cuberto de ofrendas froreas qu-en cantidades interminábels eran enviadas en hamaxe o noso morto.

As entidades galegas, vascas, catalás, centros españoles, institucións culturais i-artísticas arxentinas, periódicos arxentinos, sociedades galegas

de Rosarió, Mendoza, a Plata, Río de Xaneiro, Montevideo, Nova York, Cuba, Chile e d-outros países, ístaban presentes nas suas ofrendas froreas.

Chegaron cables do mundo enteiro adiríndose o duelo.

As radios arxentinas trasmitían pesarosas a noticia. Todol-os periódicos de Bós Aires sin eixcepción adicaron n-as suas páxinas longas e sentidas eixpresións de pesar, destacando a outa persoalidade do noso Castelao.

Pol-o Centro Galego desfilaron milleiros de persoas para darlle o último adeus a figura tan querida.

O médico amigo, irmán no patria i-na esperanza que tanto loitou para aliviarlle a sua doenza —o Dr. Sánchez Guisande— tivo ó seu cárrego a penosa tarefa de embalsamar o corpo de Castelao, para un día poder leval-o a descansar a Galiza.

Máns amigas; máns de patriotas galegos, depositaron terra da nosa patria dentro do ataúd, terra traída de Galiza, recollida por intelectuales galegos para Castelao, a que chegou a Bós Aires 4 días antes da sua morte, como si agardase que chegara isa reliquia para dormir o seu derradeiro sono.

O enterro ío algo imponente, Castelao íba cuberto c-a bandeira de Galiza e le-

lao, significa recoñecer a súa personalidade coma guieiro das arelas galeguistas, e significa unha afirmación crara e inconfundible do pensamento da sociedade que da ese paso.

De ahí que para o Centro Betanzos este feito teña unha outra significación i-un valor transcendental, pois con elo afirmamos a nosa posición galeguista, e por ende autonomista, i-o compromiso de loitar pol-a diñificación de Galicia e pol-o conqurimento das súas liberdades, proclamando ao Dr. Alfonso R. Castelao a figura máxima de Galicia, pois ao nomealo noso Presidente, facémolo recoñecendo n-él ó xenuino representante de Galicia, e coma tal de feito e por propio dereito, Presidente de todol-os galegos (...)



Membros da Comisión Directiva do Centro Betanzos facendo garda de honor diante do busto de Castelao no seu primeiro cabodano. De esquerda a dereita, Vicente Campos, E. Vaamonde, Domingo Maza (autor do busto), Antón Suárez Dopazo, Ricardo Flores, Santiago Gasalla, Ricardo López e José Daporta.

O rianxeiro agradeceu a distinción visiblemente emocionado e pasou a facer —ao dicer do boletín societario— *“unha brillante disertación en col da historia da nosa cibdade natal”*. Tamén o boletín A Nosa Terra, órgano da Irmandade Galega, louvaba o discurso de Castelao que *“foi un extraordinario aporte á difusión da hestoria de Betanzos, e unha peza oratoria do máis outo valor, que puxo de manifesto os grandes coñecimentos de Castelao da hestoria de Galiza, pois ante os ollos dos betanceiros presentes desfilaron coma n-unha pantalla imaxinaria, maxistralmente debuxada por Castelao, todo o pasado do seu povo tan rico en hestoria e de tan antergas tradicións”*.

Certamente, é unha mágoa para Betanzos e para Galiza que non se conserve (polo menos non é coñecido) o texto deste discurso de Castelao.

Dedicación dun busto a Castelao

Como é sabido, Castelao morreu no exilio arxentino en 7 de xaneiro de 1950. Uns meses despois o Centro Betanzos participa nun funeral cívico en lembranza e homenaxe do guieiro difunto, ao tempo que comeza unha colecta entre os asociados coa finalidade de costear un busto do homenaxeado.

Precisamente a morte do rianxeiro ocasionou no Centro Betanzos un anoxoso incidente, zaxado pola directiva da entidade coa expulsión de cinco asociados “non polos ataques aos membros da mesma, senon polas ofensas á memoria do Presidente honorario do Centro Betanzos”, é dicer a Castelao.

A propia directiva tirou unha folliña dirixida aos socios para explicar e xustificar a súa actuación diante de versións desvirtuadas que circulaban entre a colectividade. Nela aclárase o incidente xurdido na mañá do domingo 8 de xaneiro dese ano, en pleno verán austral, cando nunha festa campestre organizada polo Centro Betanzos, a directiva ordeou paralizar a música e o baile ao enterirse da morte de Castelao, acaecida a noite anterior. A medida fora acordada con anterioridade pola directiva, en previsión do desenlace temido.

O propio presidente da entidade dirixiuse ao escaso e madrugador público —unhas trinta persoas, das que moitas non eran asociadas— para comunicar a mala nova do pasamento da “mais grande figura da Galiza contemporánea e a máis xenuina representación do espírito e sentimento patriótico galego”. Se ben os asistentes á festa poderían continuar no Campo “Os Caneiros” de San Isidro —tal era o nome do lugar— e disfrutar das súas instalacións, o baile e a música ficarían suspendidos, reintegrándose o importe da entrada ao mesmo, pois “non se consideraba correcto que, no intre de atoparse a galegitude en loito, nunha institución galega se estivera de festa, e moito menos na nosa da cal Castelao era Presidente honorario”. Mais un pequeno grupo de persoas non samente recibiu con disgosto a supresión do baile senon que se revoltou violenta e airadamente contra a resolución directiva insultando aos seus membros e á memoria do propio Castelao. A repercusión que debeu ter o vergoñante feito entre a colectividade betanceira e aínda entre os emigrantes galegos, xunto coas versións malintencionadas dos socios expulsados, moveu á directiva a publicar a folliña aclaratoria.

Ao cumprirse o primeiro cabodano do pasamento de Castelao “A Galiza de Bos Aires rende homenaxe ao seu inmorrente guieiro”, como dicían os titulares de *A Nosa Terra* aló editada. Este órgano nacionalista destacaba especialmente o que tivera lugar o 6 de xaneiro no Centro Betanzos no que se descubriu con gran solemnidade o busto en bronce realizado polo artista compostelano Domingo Maza. O completo acto contou cun concerto da coral Os Rumorosos, dirixida polo betanceiro Carlos López, unhas verbas do presidente Suárez do Pazo, unha ofrenda floral das rapazas da Sociedade de Rianxo, o recitado do poema que Cabanillas adicou a Castelao na súa morte, a cargo de Xosefina García, unha intervención do presidente da Asociación de Oza dos Ríos, Manuel Vaamonde, en nome das sociedades betanceiras, un discurso de Rodolfo Prada, presidente da Irmandade Galega, pechando o acto Antón Alonso Ríos, secretario do Consello de Galiza.

O Centro Betanzos sacou un número do seu boletín dedicado a esta efeméride. Na portada do boletín reproducíase a fotografía do busto e nas páxinas interiores publicábase a nómina de donantes da costación pro-busto ao tempo que se daba noticia escrita e gráfica da colocación do mesmo en lugar destacado do centro social. Como é público e coñecido, este mesmo busto atópase actualmente en Betanzos, xa que foi doando polo Centro Betanzos ao concello e hoxe podemos velo no Museo das Mariñas entre a bandeira da República e a da Irmandade da Fala. A celebración do funeral cívico que se celebrara en maio de 1950 ocupaba tamén parte do espacio, aínda que a maioría estaba dedicado a lembrar a relación do homenaxeado coa entidade betanceira. Así, unha fotografía de Castelao con representantes das directivas das Sociedades de emigrantes do Partido Xudicial de Betanzos (Centro Betanzos, Unidos de Sada, Casa de Coirós, Hijos de Ois, Oza dos Ríos e Residentes de Cesuras) datada no ano 1947, reproducíase de forma destacada. Un artigo do presidente do Centro Betanzos, Antón Suárez do Pazo, en tono galeguista afirmaba, lembrando unha conversa con Castelao, que a Galiza ideal era a Galiza da emigración en contraposición á Galiza asoballada polo centralismo e a ditadura franquista: “... cada galego que emprende o camiño da emigración é unha conciencia que se está salvando para a Galiza do porvir”. Paro eso as sociedades de emigrantes debían ser unha especie de escolas de galegitude e democracia para reeducar as conciencias dos nosos emigrantes.

Outro documento interesante publicado no mesmo número extraordinario do boletín é a copia da carta enviada a Castelao pola directiva do Centro Betanzos notificándolle o acordo unánime de nomealo Presidente Honorario e unha copia da carta de Castelao comunicando a aceptación do nomeamento. A reprodución das dúas cartas era titulada deste xeito polo

propio boletín: “Documentos Hestóricos na vida do Centro Betanzos”.

O busto de Castelao atópase actualmente e dende 1983 no Museo das Mariñas en Betanzos doado ao Concello polo entidade emigrante. Lembremos que coa chegada da democracia a España e coa constitución da corporación municipal democrática o Centro Betanzos tivo a idea de doarlle o busto ao Concello para formar parte dun monumento que se colocaría nunha praza da cidade.



Comisión Directiva 1960-61. Sentados: Antonio Alonso, Agustín Freire, Luis Picado (presidente), Óscar Dans e José García. De pé: Ángel Lagos, Andrés Beade, Ángel García, Mario Taboada, Manuel Noguerosa, Luis Fariña (fillo) e Joaquín Migal.

En el pleno de la corporación realizado el 25 de marzo último, el teniente alcalde Ricardo García Gondell [non se di que era o portavoz do PCG] propuso que a dicha plaza [refírese á da Constitución], que actualmente se designa del General Franco, se le adjudicara el nombre de PLAZA CASTELAO y se instalase allí el busto del insigne patriota gallego que el Centro Betanzos había donado para levantarle un monumento en una plaza o calle betanceira. Los concejales de UCD se opusieron tanto a la propuesta de García Gondell como a la del portavoz del PSOE, teniente alcalde Antolín Sánchez Presedo, quien por su parte solicitó que fuese instalado en la Plaza de Santa María a la que sugirió designar PLAZA DE GALICIA, tomando en cuenta su ubicación en un lugar tan típico y monumental de la ciudad. La actitud recalcitrante de la mayoría municipal de UCD dio origen a que las autoridades del Centro Betanzos decidieran suspender el envío del busto de Castelao hasta que se creen las condiciones favorables en la actividad política betanceira.

No interior do boletín, páxina 3, Andrés Beade Dopico (que era o seu director) asina un duro artigo redundando no tema: “Ni calle, ni plaza..., ni busto. La U.C.D. de Betanzos contra Castelao”. Lembra como se desenvolveu a proposta e como foi rexeitada pola maioría Ucedista, ao tempo que a mesma maioría resolvía designar co nome de Castelao á vella biblioteca municipal, que “vegeta en un edificio sumamente deteriorado y está huérfana de todo apoyo económico y de promoción cultural.”, e colocar dentro dela o busto de Castelao. Un busto que “continuará en el ‘exilio’ en Buenos Aires, en las honrosas instalaciones del Centro Betanzos, hasta que las circunstancias cambien.”¹⁸

O 50 ANIVERSARIO

En agosto de 1955 celebrou o Betanzos os actos conmemorativos do 50 aniversario da súa fundación, celebrando ao tempo as tradicionais festas do San Roque. Era presidente nese momento José Luis Fariña e Vicente Campos Barral o secretario xeral. Os actos conmemorativos son ben expresivos do compromiso do Centro Betanzos: conferencia do escritor e poeta

¹⁸ *Betanzos*, vocero del Centro Betanzos, nº 69, agosto de 1980. Curiosamente, no mesmo boletín, a denuncia do rexeitamento municipal para o busto Castelao compartía portada coa noticia do voo Bos Aires-A Coruña realizado polo betanceiro José Viqueira no seu avión particular, viaxe na que estaba previsto trasladar o busto de Castelao.



Comisión Directiva no 1979, na que xa vemos mulleres. De pé: Andrés Beade, Ricardo López, Manuel Vales, Josefa Rodríguez, Pepita Fuentes, Julio Méndez e Fernando Méndez. Sentados: Fernando Suárez, Modesto Viqueira, Enrique Sñoira (presidente), Osvaldo Dans e José Otero Naveira.



Homenaxe anual do Centro Betanzos a Castelao e Rosalía no anfiteatro do Centro Galego. 6 de agosto de 1983.

arxentino Víctor Luis Molinari presentado por Rodolfo Prada, banquete de confraternidade (cun menú a base de caldo galego, empanada de bacallau e polo con ensalada); ofrenda floral aos socios falecidos no panteón do Centro Galego na Chacarita a cargo de Antón Suárez do Pazo; acto cívico na sede social de homenaxe e recordación aos mártires betanceiros “caídos en defensa de nuestras libertades, sacrificados por la tiranía franquista”; homenaxe á Nación arxentina con interpretacións dos himnos arxentino e galego con conferencia do escritor arxentino Manuel Agromayor presentado por Rodolfo Prada; por último, unha velada artístico-danzante. Esta contaba cunha primeira parte con representación da obra teatral “Un ovo de duas xemas”, do sadense Ricardo Flores, a cargo do cadro escénico do Centro Coruñés (no que tiña parte un mozo Xosé Neira Vilas), e interpretacións de folclore galego con gaiteiros, parellas de baile e o conxunto da Danza dos mariñeiros do Centro Betanzos. E unha segunda parte coa actuación das orquestras Típica Ricardo Garcés e Miami Jazz. Como curiosidade diremos que o prezo das entradas para as mulleres, tanto socias como invitadas, era ostensiblemente inferior ao dos homes. Quizá fose unha estratexia para asegurar o éxito da velada por vía da presenza feminina.



Ofrenda floral diante da placa dos «Mártires betanceiros», realizada polos directivos Osvaldo Dans Varela, á esquerda, e Francisco Moreno Vilariño (popularmente coñecido como «O Fusilado» ó formar parte dun grupo de «paseados», quedando ferido cando o deran por morto).

CELEBRACIÓNS PATRIÓTICAS

Conxuntamente con unhas entidades (Comisión Pro-Relacións de sociedades do partido de Betanzos) ou con outras (Comisión Intersocietaria) o Betanzos vai contribuir á organización dunha chea de celebracións patrióticas galegas: o Día de Galiza, aniversario do Estatuto Galego, Día dos Mártires Galegos, aniversario de Pardo de Cela, aniversario dos Mártires de Carral, homenaxe a Antolín Faraldo e homenaxe aos Mártires betanceiros. A partir da morte de Castelao en 1950 tamén compre engadir o cabodano do seu falecemento. Son datas clave para a memoria histórica do país e a defensa das liberdades do pobo galego.

Unha Comisión Pro-Relacións entre as sociedades do Partido de Betanzos conmemora aos Mártires da Revolución galega de 1846 ou Mártires de Carral no 105 aniversario. *A Nosa Terra* dedicarialle ao acto dobre páxina con extractos das intervencións de Ramón Rey Baltar e Alonso Ríos, presentados por Suárez do Pazo. Ao acto, celebrado no casal do Betanzos adheríronse unha chea de entidades galegas.

Tamén o Día de Galiza era conmemorado todos os anos polas entidades que formaban a Comisión. Estas eran, ademais do Betanzos, Oza dos Ríos, Casa de Coirós, Unidos de Sada, Hijos de Ois e Residentes de Cesuras.



CONMEMORACIÓN DA INDEPENDENCIA ARXENTINA

Outra conmemoración que a colectividade betanceira celebrará de xeito especial é a da Independencia Arxentina. Velaí a consigna aos socios na revista de 1947: "Educa a tus hijos en el amor de su Patria Argentina, y el respeto a la tuya Galicia".

En 1955, con motivo dos actos conmemorativos do 50º aniversario da entidade, realízase na sede social un "Homenaje a la Nación Argentina", consistente na interpretación dos "Himnos nacionales Argentino y Gallego" e unha conferencia do escritor e xornalista arxentino Manuel Agromayor sobre "Raíces gallegas en la historia argentina".

En 1960, con motivo do 150º aniversario da Revolución de Maio dedican un enfervorizado editorial "¡Al gran pueblo argentino, salud!". Fálase dos actos que tiveron lugar o 25 de maio e nos que estivo presente a colectividade galega conmemorando o Sesquicentenario da independencia arxentina. Manifestacións multitudinarias e ofrendas florais ao pé do histórico Cabildo tiveron lugar para conmemorar a efemérides:

La colectividad gallega en la República Argentina unida por lazos indestructibles de consanguinidad y afanes comunes con el gran pueblo argentino, no podía estar ausente en estas manifestaciones de júbilo (...) A esta adhesión de dimensiones espirituales incalculables se asoció el Centro Betanzos con cuerpo y alma. Al frente de la marcha cívica, confundido entre la policromía de múltiples banderas argentinas, gallegas, republicanas y estandartes y guirnaldas adornadas de blasones y



Catro expresidentes do Centro Betanzos co alcalde Manuel Lagares (no medio) no acto do 93º aniversario: Osvaldo Dans, Antonio Suárez, José Luis Rifón e Andrés Beade.

escudos representativos de las distintas comarcas gallegas, se enarbolaba señoero el estandarte de Betanzos, flanqueado por decenas y decenas de betanceros que marchaban enardecidos por el fervor ciudadano, en comunión de sentimientos democráticos (...) Nuestro portaestandarte fue un argentino. La bandera argentina la enarbolaba un betancero. Esta hermandad de sentimientos y de esperanzas son el más grande tributo que puede rendir el Centro Betanzos en Buenos Aires al pueblo y a la nación de San Martín y Rivadavia.

Betanzos, revista del Centro Betanzos, nº 47, decembro de 1960.

MEMBRO DA FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALEGAS

A Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires creouse no ano 1921 chegando a reunir un bo número das sociedades galegas existentes na capital arxentina, se ben ao longo dos seus avatares históricos foi perdendo algunhas. O galeguismo, o republicanismo e a democracia foron os seus peares ideolóxicos. Nas eleccións constituintes de 1931 enviara dous representantes que foron eleitos deputados das Cortes españolas e nas eleccións de 1936 apoiara a candidatura da Frente Popular. Editou un periódico e contaba con amplas instalacións na rúa Chacabuco e o “Recreo Alborada” en Punta Chica a 22 quilómetros da capital, que usufrutuaban as entidades federadas.

O Centro Betanzos ingresará na Federación de Sociedades Galegas tardiamente, cara o ano 1962. Na Federación cada sociedade tiña autonomía plena e a representación estaba en función da masa social de cada entidade. Andrés Beade, en representación do Betanzos, desempeñou diversos cargos: secretario de prensa, secretario de relacións, secretario xeral e tamén a dirección durante dous anos do periódico *Galicia*, cando a deixa Arturo Cuadrado.

Na actualidade, as relacións do Centro Betanzos coa actual directiva da Federación pasan por un momento de desencontro, sendo desexable acaden unha situación de entendemento en ben dos intereses da colectividade.

NOVA SEDE SOCIAL

Con axuda do concello de Betanzos, que financiou o 50% da compra e pasou a ser o seu propietario, a sociedade mercou e reformou un edificio na rúa Venezuela nº 1534/36. Dende anos atrás o Centro viña recadando fondos para esa finalidade, que completou con axudas

institucionais. O 24 de maio de 1990 tivo lugar o acto oficial da inauguración da nova sede social, con asistencia do alcalde de Betanzos Manuel Lagares.

A sede, moi próxima á anterior, é un edificio de tres plantas que acolle na primeira unha cafetería e restaurante e nas outras as dependencias propias do Centro.

ACTUALIDADE

Na actualidade, o colectivo integra a casi medio millar de betanceiros ou descendentes. Beatriz Lagoa Veiga, que estivo en Betanzos en compañía da súa nai a finais do pasado 2004, ocupa a presidencia dende hai nove anos. *"Soy argentina porque nací a los seis días de llegar mi madre a Buenos Aires, pero me siento una brigantina más"*, declaraba a *El Ideal Gallego* o 6-XI-2004.

Aínda contando con perto dos cincocentos socios, o decaemento do Centro Betanzos (e doutras entidades da emigración) foi visíbel ao longo das últimas décadas. Hoxe xa case teñen máis peso na masa social os nacidos na Arxentina que os betanceiros de nacemento. Por iso a sociedade (como anunciaba na súa páxina web) vense preparando para unha reconversión sen perder as raíces:

A partir de 2004, anticipando lo que sera su centenario, el Centro Betanzos se convertira en un verdadero centro cultural que abarque las diferentes expresiones artísticas. A las ya comentadas del coro, folclore, musica y edicion de libros, se agregan exposiciones a cargo de prestigiosos artistas plasticos; un taller de cine documental; un cineclub que proyectara peliculas con tematica social referente a España y Galicia; dos talleres de teatro, uno infantil y otro para adultos; y un ciclo de conferencias mensual que desarrollara diversos temas.

La Asociación Centro Betanzos de Buenos Aires (...) sigue con las puertas abiertas para todos los gallegos y no gallegos que quieran mejorar el futuro, manteniendo viva la presencia de Betanzos y de Galicia en la Ciudad de Buenos Aires.

Coincidiendo coa conmemoración do centenario celebráronse xa diversos actos conmemorativos. Así, no pasado 23 de abril o deputado Norberto La Porta descubría unha praca que declara Sitio de Interés Cultural á Asociación Centro Betanzos pola Lexislatura da Cidade Autónoma de Bos Aires polo seu aporte ás culturas galega e arxentina. Este acto que contou coa actuación do grupo Xeito Novo deu inicio ás actividades que a entidade organizará para festexar o centenario.

Tamén no pasado maio, coincidindo coa celebración das Letras Galegas, o Arquivo municipal de Betanzos organizou unha exposición documental relacionada co Centro Betanzos e a emigración á Arxentina que serviu para acercar aos betanceiros de acá a traxectoria e realidade histórica dos betanceiros de alén mar, un colectivo emigrante que conta xa con cen anos de vida.



DATOS NUMÉRICOS DE ASOCIADOS

Nos primeiros anos a totalidade dos asociados eran betanceiros ou da bisbarra de Betanzos. Parece que o número de socios fundacionais foi de 62. Máis das primeiras décadas carecemos de datos numéricos. Haberá que agardar ata 1956, que foi o ano de maior número de asociados, con máis de mil.

Co paso dos anos vaise incrementando o peso dos descendentes directos xa nados na Arxentina. A partir da década dos oitenta do pasado século produciuse un constante decrecemento no número de socios, debido ás repatriacións que se produciron dende eses anos, motivadas pola depauperada situación económica arxentina e á desaparición física dunha masa social cada vez máis envellecida.

Na actualidade, a masa social reduciuse a 481 e máis da metade xa eran nados na Arxentina. Todo parece indicar que a desaparición da emigración ao país austral conlevará finalmente a desaparición do Centro Betanzos. Mentres tanto a entidade conmemora o seu centenario e mantense como un fidel embaixador e divulgador de Betanzos e da cultura galega na capital arxentina.

ANO ____ Nº SOCIOS

1905 ____ 62

1906 ____ 171

1956 ____ 1024

1975 ____ 870

1982 ____ 820


1988 ____ 720

1989 ____ 650

1998 ____ 524

2004 ____ 500

2005 ____ 481



Ubicacións das sedes das colectividades betanceiras en Bos Aires

1. Rúa Méjico, 1660. Sede do Centro Cultural Betanzos e Centro Betanzos (1933-1990)
2. Rúa Venezuela, 1534/36. Sede do Centro Betanzos dende 1990.
3. Rúa Victoria, 700. Sede inicial de Hijos de Betanzos, 1905.
4. Rúa Lima, 733. Sede do Centro Social Betanzos nos anos trinta.
5. Rúa Bolívar, 173. Sede de Hijos de Betanzos, 1910.

ALGÚNS PERSOEIROS DO CENTRO BETANZOS E DA COLECTIVIDADE BETANCEIRA

LUIS LÓPEZ PÁEZ

Primeiro presidente da Sociedad Hijos de Betanzos. Outros irmáns seus tamén pertencían á sociedade: Vicente e Raimundo. Parece que traballaba como comercial, empregado da casa Sangrador, González y Cia., vencellada aos García Naveira, que o enviou algunha vez en viaxe de negocios a Europa. En 1911 a revista *Las Mariñas* daba noticia da súa voda con Emilia L. Sangenis. No 1918 é un dos fundadores da primeira Casa de Galicia (produto da fusión de catro sociedades galegas), da que foi o primeiro presidente e que tiña un ideario rexionalista e autonomista. Os fins orixinais desta entidade foron desvirtuándose co tempo, chegando o seu local a converterse en sala de xogos de azar, o que motivou o abandono de moitos fundadores, entre eles Luis, que pasaron a fundar outra entidade co nome de Hogar Gallego, a fins de 1924, da que nomearon presidente outravolta a López Páez. Pódese dicir pois que era un personaxe destinado a presidir toda canta entidade pola que pasaba.

CELSO MIGAL

Betanzos, 1878-Bos Aires, 1956. Chegara a Arxentina por 1905 e foi membro fundador do Centro Betanzos. Ocupou tamén diversos cargos no Centro Gallego. Na súa morte a revista Galicia do Centro Gallego, Galicia, dedicoulle unha necrolóxica con foto (nº 490, xullo-agosto 1956). Por ela sabemos que comezara traballando de carpinteiro para, posteriormente, fundar unha sociedade de carpintería mecánica "que es en la actualidad una de las más importantes de esta industria en esta ciudad".

JOSÉ MARÍA FERREÑO SÁNCHEZ

Betanzos, 1906-Bos Aires, 1956. Era da Infesta. Marchou de neno coa familia criándose na Arxentina dende a infancia. Estivo vencellado a entidades deportivas e culturais arxentinas. Así no seu pasamento, ademais das entidades galegas, fixeron uso da palabra representantes da Agrupación Círculo River Plate, Club Atlético River Plate e Asociación Cultural Elena Larocque. Era xerente dunha fábrica de papel que pertencera ao seu sogro, un chinés. Casara coa filla deste, a doutora Isabel Cheong e tiveron un fillo odontólogo, Dr. Ferreño, que herdara os rasgos da nai. Para moitos galegos

resultaba chocante acudir á consulta dun Dr. Ferreño e atoparse cun chinés que falaba galego. Na necrolóxica que lle dedicou no seu órgano social afirmábase que o Centro Gallego "pierde un elemento rector de primer orden" coa desaparición de José María Ferreño. Foi membro do Centro Betanzos, aínda que foi un destacado dirixente do Centro Gallego. Otero Pedrayo, que o coñeceu en Bos Aires, dedicoulle no seu libro "Por os vieiros da saudade" unha páxina amistosa e cordial, así como un artigo que viu a luz no *Anuario Brigantino* de 1949 co título "Un bon betanceiro", no que tamén fai alusión á súa dona. Neste aparece co segundo apelido Buxía en troques de Sánchez. Finou en Bos Aires aos cincuenta anos.

MANUEL VÍA GOLPE

Propietario da cadea de comercio Cervantes, comercializaban a marca Brigo. Debeu chegar a Bos Aires canda o seu irmán Xesús. En 1911 xa era directivo de "Hijos de Betanzos". Con motivo da súa viaxe a Betanzos en 1931 e como portador dunha misión oficial do Centro Social para unha comisión Pro-monumento García Hermanos, este organizou un "banquete y reunión danzante" na súa honra.

XESÚS VÍA GOLPE

Chegou a Bos Aires no 1904, dedicándose ao comercio. Ocupou diversos cargos no Centro Betanzos e tamén no Centro Gallego: vocal (1930-31); bibliotecario (1931-32), secretario (1932-33) e membro do Consello de Apelación (1947-49). No 1949 representou ao Centro Galego na homenaxe da colectividade emigrante a Rosalía, realizando un discurso en galego. Finou en 1952.

ANATÓN SUÁREZ DO PAZO

Naceu en Betanzos en 1922. Saíu de Betanzos con dezaioito anos (el di con quince nun artigo). Era dependente do comercio de Lousa. En Bos Aires tamén traballou no comercio co seu tío Juan Suárez, ao que sucedeu nos negocios. Posteriormente asociouse con Xosé Abreira. Foi secretario do Centro Betanzos no 1948 e presidente no 1951. A súa xestión no asunto duns terreos sociais expropiadas con motivo da construción da autopista iberoamericana foi obxecto

posteriormente dunha crúa polémica, con ataques persoais polo medio, que dividiu durante un tempo aos asociados en pro e anti Suárez do Pazo, culminando coa marcha deste da sociedade.

En 1949 casa con Margarida Suárez. Da súa voda, celebrada nos salóns do Betanzos, fíxose eco *A Nosa Terra* e a ela asistiron cabezoleiros da Irmandade Galega e Castelao, indisposto, enviou unha salutación especial. (ANT, nº 468, maio 1949).

Convertido ao galeguismo en América, logo dunha etapa xuvenil falanxista, militou na Irmandade Galega, trasunto do Partido Galeguista. En 1969 é suspendido como afiliado da Irmandade Galega por “*manifesta colaboración coas agrupacións antigalegas e de signo franquista a carón do Goberno do Centro Galego*”, segundo o seu voceiro (ANT, nº 510, xaneiro 1969). Parece que a razón foi apoiar á agrupación Galicia ás eleccións do Centro Galego, mentres que a Irmandade Galega apoiaba oficialmente á agrupación Celta.

Cándido Rey, Antón Rodiño, Cándido Gonzales e Antón Suárez Dopazo tamén sobresaíron como dirixentes do meirande releve no goberno e no quefacer das nosas sociedades e círculos comunitarios, aparecendo en toda emposta que se terciara na vangarda da loita ceibadora. (...) Da mesma maneira que o derradeiro Suárez Dopazo que se constituiu nun dos principais persoeiros do Centro Betanzos. Pero non somente no seo de tais entidades cumpriron a súa xeira, senón na Comisión Intersocietaria de Entidades Galegas na que en todo intre se fixeron notar entre os seus principais loitadores, o mesmo que no quefacer das agrupacións pro Centro Galego e na súa Comisión de Cultura na que tamén sobresaíron como algúns dos máis barudos compoñentes do seu costal anovador que fixo trocar a liza de estreitas limitacións que sempre a tiñan acarísado.

Bieito Cupeiro: *A Galiza de Alén Mar*. Edicións do Castro, 1989, páx. 230.

JOSÉ VIQUEIRA

Marchou de Betanzos con 18 anos para traballar cun tío que tiña un comercio téxtil. Na época peronista debido á inflación e á crise interior no sector, realizou importantes negocios coas grandes existencias en almacén que tiña o seu tío, abrindo

posteriormente unha cadea de tendas de roupa, Tiendas Santa Rosa, que chegou a ter sucursais en todas as capitais de provincia e tiña a casa central na rúa Irigoyen (Praza do Congreso), coa particularidade de que a maioría dos empregados eran betanceiros. Acadou unha gran fortuna, sendo dono dun avión privado co que visitaba as súas propiedades polo país, facendo mesmo unha viaxe a Europa en 1980.

Era socio (xa era o seu tío) do Centro Betanzos, participando da súa vida social, exercendo mesmo de vocal en 1947-1948, asistindo ás súas festas, poñendo publicidade no órgano do Betanzos cun gran anuncio dunha páxina da súa cadea de tendas ou financiando publicacións como a conferencia de Prada sobre Antolín Faraldo. Faleceu en 1986 co seu pequeno “imperio” téxtil desfeito e na ruína.

PEDRO C. ROMERO

Músico de Rianxo, parente do autor da célebre peza *A Rianxeira*. Foi directivo do Centro Betanzos nunha ocasión, desempeñando a vicepresidencia en 1951-52 nunha etapa fondamente galeguista da entidade.

LUIS D. CABRERA

Propietario dunha imprenta onde se editou algunha vez a revista Betanzos. Foi directivo da entidade. A súa nai era betanceira.

ANDRÉS BEADE DOPICO

Naceu en Betanzos en 1926, fillo do dirixente agrario socialista, Alcalde e Deputado a Cortes Ramón Beade. En 1953 emigrou a Bos Aires permanecendo trinta anos ata 1983 en que regresou a Betanzos. Alí traballou de primeiras nunha estación de servizo e, posteriormente, de administrativo contable nunha empresa. Casou cunha betanceira emigrada, América Pérez, e tiveron dous fillos. No Centro Betanzos desempeñou varios cargos directivos, primeiro de vocal (con Luis Picado), de secretario (con Oscar Dans, Rifón e Enrique Sónora de presidentes) e, finalmente, presidente. Tamén foi dirixente da Federación de Sociedades Gallegas e director do seu periódico *Galicia* durante dous anos. De volta a Betanzos foi concelleiro en varias lexislaturas polo PS de G-PSOE.

JOSÉ LUIS RIFÓN

Naceu en Betanzos en 1933. Marchou cos pais de neno para Bos Aires, cidade onde exerceu como

farmacéutico. Foi presidente do Centro Betanzos entre 1968 e 1975 (con períodos de licencias).

ENRIQUE SÓÑORA COUCEIRO

Betanzos, 1912-Bos Aires, 1985.

Coñecido como "o Chaufer". Aos 24 anos foi fundador do Ateneo de Divulgación Social "Nueva Aurora", de orientación anarquista. En 1949 marchou a Bos Aires, desempeñando alí a profesión de albanel e pintor. As súas inxerencias culturais continuou na emigración, encamiñadas principalmente á poesía (en galego e castelán). Pouco antes da súa morte o concello de Betanzos reconeceu a súa traxectoria en defensa dos dereitos humanos e da paz. Foi presidente do Centro Betanzos entre 1974 e 1980.

OSCAR DANS

Nacera en Bos Aires en 1911, fillo de betanceiros de Piadela. Os Dans foran unha dinastía de fogueteiros. O seu pai, Manuel Dans desempeñara cargos directivos na asociación "Hijos de Requián y Piadela" e posteriormente no Betanzos. Oscar integrou os cadros directivos do Betanzos durante varias décadas e foi presidente da entidade entre 1962 e 1967. Era comerciante. Faleceu en Bos Aires en 1991.

OSVALDO DANS VARELA

Curmán de Oscar Dans. Naceu tamén en Bos Aires en 1928, fillo de pais betanceiros da parroquia de Piadela que casaron aló. Volveu cos pais de neno para Betanzos, onde naceron outros catro irmáns. Marchou para Bos Aires en 1948 para facer o servizo militar como arxentino. Alí traballou de viaxante dunha papelería duns tíos maternos e casou

con Nelly Fernández, filla de galegos emigrados. Tiveron tres fillos. Foi presidente entre 1985 e 1996 e desempeñou anteriormente outros cargos directivos.

LOIS ARES

A familia do Sr. Lois Ares, bibliotecario do "Centro Galego" e afervorado defensor da nosa causa, estaba composta polo matrimonio e tres fillas: María Olga, Eloísa e Pilar. Nesa casa, de orixen betanceiro, o amor á Terra nai era unha devoción compartida por todos e a fala galega constituía o lingoaxe cotián. Ademais do galego, tanto o pai como as fillas falaban correctamente o francés e por suposto castelán, o que lles permitía ocupar postos de responsabilidade nas tarefas administrativas dunha importante empresa gala. En canto pillaban o tren pra ir pasar os fins de semán a unha finca que tiñan a certa distancia da capital, o galego podía ser ouvido por cantos estaban perto; mais, empregando de vez en cando o francés, sin escluir o castelán, para non parecer recén chegados, como querendo significar que o noso idioma pódese empregar apor dos máis falados do mundo occidental como ferramenta valedeira das máis encumadas manifestacións culturais.

Bieito Cupeiro: *A Galiza de Alén Mar*. Edicións do Castro, 1989, páx. 45.

BEATRIZ LAGOA VEIGA

Naceu en Bos Aires en 1950, aos sete días de chegar os pais, betanceiros da parroquia de Piadela. Traballa en administración de empresas. É a primeira muller que desempeña o cargo de presidenta da entidade, que exerce dende 1996.



Vista antiga de Bos Aires (M. L. Grégoire, *Geografía Universal*, 1887)

PRESIDENTES

1905. Luis López Páez	1953-54. Aquilino Freire
1910. José A. Santos	1955-56. Jose Luis Fariña
1912. Germán Berdiales	1957-58. Manuel Freire
1913. Francisco San Martín	1959-60. Antonio Alonso
19.. Luciano Méndez	1960-61. Luis Picado
19.. Manuel Vía Golpe	1962-67. Oscar Dans
19.. Manuel Freire	1968-75. José Luis Rifón
1923. Antonio Vaamonde	1976-1979. Enrique Sónora
1945-46. Lisardo Martínez	1980-83. Andrés Beade Dopico
1947-48. Juan Suárez	1984-1995. Osvaldo Dans Varela
1949-52. Antón Suárez Dopazo	1996-(continúa). Beatriz Lagoa Veiga

RELACIÓN DE DIRECTIVOS DO CENTRO BETANZOS

Inclúese aquí unha relación (forzosamente incompleta) de todas aquelas persoas das que temos constancia de teren desempeñado algún cargo directivo ao longo dos cen anos de historia do Centro Betanzos. Sirva así como un pequeno censo —reducido a cargos e non todos os que desempeñaron— de betanceiros da emigración arxentina e nomeadamente bonaerense. No caso dos que desempeñaron cargos no Centro Social Betanzos ou Centro Cultural Betanzos aparecen coas siglas CSB e CCB, respectivamente, ao lado do cargo.

ABARRATEGUI, ANTONIO: secretario xeral 1931-32	suplente 1908; vocal 1911; presidente 1912
ABARRATEGUI PARADELA, VICENTE: vocal suplente 1908; secretario 1910; membro tribunal de honor 1947-48, 1948-49, 1949-50, 1951-52	BEREA, JUAN: tribunal honor CCB 1935; revisor contas 1945-46
ALMIRÓN GARCÍA, WALTER: vocal 2004.	BLANCO, RICARDO: vocal 1923
ALONSO, ANTONIO: secretario 1923; tribunal honor 1945-46; vocal 1957; tesoureiro 1960-61.	BONOME EIRÍS, ANTONIO: reunión precursora 1897
AMBOADE, R.: vocal 1905-1906	BRAGE, GUSTAVO: directivo suplente 1905-1906
ARGIBAY PAZ, MANUEL: vocal suplente 1957	BRAÑAS, ALFREDO: tribunal honor CCB 1935
BADÍA ALSINA, JUAN: suplente CCB 1935.	BRAÑAS, JOSÉ M.: secretario xeral CCB 1935.
BALADO, FRANCISCO: vocal suplente 1957	BURRIEZA, ALFREDO: vocal 1931
BARANDELA, ALEJANDRO: vocal 1985-86.	CABO, RAFAEL: protesoureiro 1945-46; tesoureiro 1947-48, 1948-49; secretario xeral 1951-52
BARRÓS, ANGEL: vocal 1908	CABRERA, LUIS D.: revisor de contas 1951-52.
BARROS, JOSÉ: vocal 1923	CACHAZA, AGUSTÍN: vocal 1947-48, 1948-49; revisor contas 1949-50; vocal 1951-52
BEADE DOPICO, ANDRÉS: vocal, 1960-61; secretario 1962-63, 1977-78, 1979-80; presidente 1980-83 (regresa a Betanzos).	CAMPOS BARRAL, VICENTE: pro-secretario 1951-52; secretario 1955-1956; vocal 1962-63
BELMONTE, EMILIO: protesoureiro 1963-63; revisor contas 1989-90	CAMPOS, VICENTE: pro-secretario 1990.
BELÓN, PLÁCIDO: vocal 1945-46	CANOSA, B.: suplente 1905-1906
BERDIALES, GERMÁN: vocal 1905-06; vocal	CAPELLO, RAMIRO: revisor de contas 1983
	CARBALLEIRA, JOSÉ: tesoureiro 1905-1906-

- 1907; vocal 1910.
CASAL, RICARDO: vocal 1910-11.
CASAL REY, JOSÉ: pro-tesoureiro 1923
CORREA, JOSÉ: vocal suplente 1908
COSTOYA, LUIS: vocal suplente 1951-52
COUCEIRO, ANTONIO: vocal suplente 1957; revisor contas 1989-90; membro tribunal honor
COUCEIRO FREIRE, JESÚS: tesoureiro 1982-83-84; vocal 1988
COUCEIRO, REYMUNDO: tesoureiro 1956
CRESPO, MANUEL: subsecretario 1982-83, protesoureiro 1983; vocal suplente 1984; contador 1985-86, 1989-90.
CRESPO, PEDRO: vocal suplente 1957
CRESTAR, JULIO: vocal 1962-63
CRIADO BELÓN, JOSÉ: vocal 1910; secretario 1911.
DANS, MANOEL: tribunal honor 1947-48; vicepresidente 1948-49, vicepresidente 1949-50; revisor contas 1951-52.
DANS, OSCAR: secretario 1945-46; revisor de contas 1947-48; prosecretario 1948-49, 1949-50; vocal 1951-52; secretario actas 1960-61; presidente 1962-67.
DANS VARELA, OSVALDO: vicepresidente 1982-83-84; presidente 1984-95; vicepresidente 1998.
DAPORTA, JOSÉ: vocal CCB 1935; secretario actas 1945-46; protesoureiro 1947-48; vocal 1948-49, 1949-50
DAPORTA, LUIS: revisor contas 1945-46, 1947-48, 1948-49.
DA PORTA, LUIS: revisor de contas 1910; suplente 1911.
DÍAZ, FRANCISCO: reunión precursora 1897
DÍAZ, RICARDO: vocal 1951-52
DON, ENRIQUE: pro-tesoureiro 1935.
DOPICO, HIPÓLITO: vocal 1905-1906
DO PICO SAS, JOSÉ: reunión precursora 1897
DRÖMER FERNÁNDEZ, DINORA: secretaria 1991; vocal 1998; pro-contadora 2004.
EDREIRA, XOHÁN: tesoureiro CCB 1935; membro tribunal honor 1949-50, 1951-52
EIRÍS, FRANCISCO A.: reunión precursora 1897; suplente 1905-1906
FAFIÁN, ANTONIO: vocal 1982-83
FARALDO, JOSÉ: suplente 1910; vocal 1911; revisor contas 1923.
FARALDO, SEVERINO: vocal CSB 1931.
FARIÑA, JOSÉ LUIS: presidente 1955-1956.
FARIÑA, JESÚS: protesoureiro 1949-50
FARIÑA, LUIS (FILLO): vocal 1948-49; secretario xeral 1949-50; vocal suplente 1957; vocal 1960.
FERNÁNDEZ, MANUEL: vocal 1998; contador 2004.
FERNÁNDEZ, NELLY: vocal suplente 1984; 1989-90; vocal 2004.
FERNÁNDEZ DE MEDÍN, CARMEN: pro-tesoureira 1984; pro-secretaria 1985-86.
FILGUEIRAS PLACER, JOSÉ: secretario actas 2004.
FOLLA, MANUEL: secretario xeral e comisión prensa 1931; secretario actas CCB 1935.
FOLLA, MANUEL: vicepresidente 1956, vocal 1957
FREYRE, AQUILINO: vocal 1931; presidente 1953-54.
FREYRE, MANUEL: presidente 1931
FREIRE, AGUSTÍN: vocal 1957; vicepresidente 1960-61, 62-63.
FREIRE, MANUEL: presidente 1957.
FUENTES, PEPITA: vocal 1979.
GASALLA, SANTIAGO R.: prosecretario 1945-46; secretario actas 1947-48, 1949-50, 1951-52.
GAYOSO, JOSÉ G.: vocal 1984
GARCÍA, AGUSTÍN: vocal CCB 1935; vocal suplente 1962-63
GARCÍA, NORBERTO J.: vocal suplente 1962-63
GARCÍA CABALEIRO, EUGENIO: reunión precursora 1897; vocal 1908
GARCÍA GOLPE, ANGEL: prosecretario 1957
GARCÍA MARTÍNEZ, JOSÉ: reunión precursora 1897
GARCÍA, JOSÉ: tesoureiro 1957; protesoureiro 1960-61; vocal 1962-63
GARCÍA DE MEDÍN, CARMEN: pro-tesoureira 1982-83, 1989-90; vocal suplente 1983.
GASALLA, SANTIAGO R.: secretario de actas 1948-49, 1951-52.
GÉNOVA DE OTERO, JULIA: vocal suplente 1989-90
GIMÉNEZ, ÁNGEL: vocal CSB 1931.
G. DE GAYOSO, AMANDA: subsecretaria 1984
GOLPE, GERMÁN: pro-secretario 1931; revisor contas CCB 1935.
GOLPE, MANUEL: revisor contas 1923
GÓMEZ, ANGEL: contador 1962-63
GÓMEZ, FERMÍN: vocal suplente 1982-83
GÓMEZ DE QUINTIÁN, JOSEFA: pro-secretaria 1989.
GÓMEZ DE CRESPO, M^a. CLEMENTINA:

- revisora de contas 1983; vocal 1985-86.
- GONZÁLEZ CARRO, MANUEL: reunión precursora 1897; vicesecretario 1905-06
- GORT TARIBÓ, FRANCISCO: vocal 1998; pro-secretario 2004.
- IGLESIAS, MANUEL: vocal suplente 1983
- INFESTA, JUAN: secretario 1905-1906
- LAGOA MAIMÓ, F.: reunión precursora 1897
- LAGOA VEIGA, BEATRIZ: presidenta dende 1996 ata hoxe.
- LAMBRUSCHINI, AQUILES: pro-secretario 1951-52; bibliotecario 1957, 1962-63
- LEIS, MANUEL: vocal suplente 1984
- LEMA, MIGUEL ANGEL: vocal suplente 1983
- LEMA GARCÍA, DANIEL: secretario xeral 1988; vocal 1989; vicepresidente 1990.
- LÓPEZ, LEONCIO: revisor de contas 1905-1906; vocal 1911.
- LÓPEZ GARCÍA, CARLOS: vocal 1948-49.
- LÓPEZ GARCÍA, RICARDO: vocal 1949-50, 1951-52; vocal 1956; vocal 1983; secretario xeral 1982, 1984
- LÓPEZ GARCÍA, RODRIGO: vocal 1948-49, 1949-50
- LÓPEZ, RAIMUNDO: vice-presidente 1911.
- LÓPEZ PÁEZ, ALFONSO: reunión precursora 1897
- LÓPEZ PÁEZ, LUIS: reunión precursora 1897; presidente 1905-1906-1907-1908; vocal 1910.
- LÓPEZ PÁEZ, VICENTE: reunión precursora 1897
- LÓPEZ VEIGA, ANGEL: tribunal de honor 1945-46
- LÓPEZ VEIGA, M.: secretario actas CSB 1931.
- LÓPEZ VIQUEIRA, EDUARDO: vocal suplente 1982-83
- LÓPEZ, JAIME: secretario general 1957.
- LÓPEZ, JOSÉ A.: subcontador 1957
- LOUREDA, ANTONIO: pro-tesoureiro 1931; tribunal honor CCB 1935.
- LOUSA PANDELO, J. ENRIQUE: vocal 1956; secretario actas 1962-63
- MALLO LÓPEZ, ISMAEL: tesoureiro 1945-46; protesoureiro 1947-48; revisor de contas 1948-49, 1949-50, 1983
- MAQUIEIRA, FERNANDO: secretario de actas e comisión prensa 1931
- MARTÍN, JUAN: tribunal honor CCB 1935.
- MARTÍN, MANUEL: presidente CCB 1935.
- MARTÍNEZ, JESÚS: revisor contas 1945-46.
- MARTÍNEZ, LISARDO: presidente 1930?;
- tribunal honor CCB 1935; presidente 1945-1946; tribunal de honor 1947-48, 1948-49, 1949-50
- MARTÍNEZ SANTIAGO, GERARDO: vicepresidente 1991.
- MEDÍN CRESPO, ANTONIO: vocal suplente 1982-83; vocal 1984, 1990, 1998
- MÉNDEZ VÁZQUEZ, FERNANDO: vocal suplente 1982-83-84
- MÉNDEZ, JOSÉ: revisor contas e comisión prensa 1931
- MÉNDEZ, JULIO: vocal 1949-50
- MÉNDEZ, LUCIANO: vocal 1905-1906; vicesecretario 1908; pro-tesoureiro 1910-1911.
- MÉNDEZ VÁZQUEZ, JULIO: vocal 1982-83-84
- MIGAL, CELSO: vicepresidente 1945-1946, 1947-48; tribunal honor 1948-49, 1949-50, 1951-52.
- MIGAL, JOAQUÍN: comisión festas 1931; vocal CCB 1935; revisor de contas 1947-48, 1948-49; contador 1960-61.
- MIGAL, WENCESLAO: revisor de contas 1908
- MOLLÓN, MANUEL: vicepresidente 1931-32; tribunal honor 1945-46
- MONTOTO, AGUSTÍN: secretario xeral CSB 1931; tribunal honor 1947-48, 1948-49
- MORENO, FRANCISCO: protesoureiro 1988; vocal 1989-90 vocal 1998.
- NAKAMIJO, MARTÍN: vocal titular 1947-48
- NARGANES, MOISÉS: vocal 1985-86; secretario 1998, 2004.
- NAVEIRA, ANTONIO: revisor contas 1923
- NOGUEROSA, MANUEL: protesoureiro 1957; vocal 1960-61; vocal suplente 1962-63.
- OTERO, LUIS: revisor contas 1989-90; 1990-91
- OTERO, MANUEL: tesoureiro 1962-63
- OTERO, JORGE: tesoureiro 1985-86
- OTERO NAVEIRA, JOSÉ: secretario de actas 1981-82, 1983-84, 1985-86, 1987-88; 1989-90
- OTERO SAS, JOSÉ: vocal suplente 1984
- OTERO, XOSÉ: vocal suplente 1951-52.
- OTERO, PLÁCIDO: vocal 1945-46
- PANDELO, BAUTISTA: vocal 1931
- PANDELO, JOSÉ: tesoureiro 1931; vicepresidente CCB 1935
- PELLEJERO, ANTOLÍN: suplente 1910-1911; tesoureiro CSB 1931.
- PELLEJERO, ANTONIO: vicepresidente 1931-32
- PEREIRO, RICARDO: vocal 1931
- PÉREZ, ÁNGEL: vicetesoureiro 1905-1906; tesoureiro 1911.

- PÉREZ, ANTONIO: reunión precursora 1897, secretario 1910
- PÉREZ PONTE, BENITO: vocal 1905-1906; vocal 1910; suplente 1911.
- PÉREZ SÁNCHEZ, ÁNGEL: tesoureiro 1908; 1910.
- PICADO, LUIS: vicepresidente 1957; presidente 1960-61
- PITA VALES, JAIME: vocal 1962-63; secretario xeral 1983-84, 1985-86, vocal 1989-90
- PITA, PASTOR: viceteseoureiro 1908
- PORTELA, MANUEL J.: vocal CSB 1931.
- PRIETO, JUAN: pro-secretario CCB 1935.
- QUINTIÁN, CLAUDIA: secretaria 1989-90
- QUINTIÁN SÁNCHEZ, MANUEL: procontador 1983-84, 1985-86, 1987-88; 1989; subcontador 1982,1984
- RAPOSO, JESÚS: secretario 1911.
- REGA, FRANCISCO: prosecretario CSB 1931.
- REGUEIRO, JOSÉ: vice-presidente 1931
- REGUEIRO, JUAN: vocal 1931
- REJO, PABLO: vocal 1931
- REY, ALFREDO: vocal 1957
- REY, BERNARDO: vocal 1998; protesoureiro 2004.
- RIFÓN, JOSÉ LUIS: vocal suplente 1962-63; presidente 1968-75.
- RILO, ANTÓN: vocal 1951-52
- RIVAS PÉREZ, ANTONIO: vocal suplente 1982-83; vocal 1985-86
- RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, PALMIRA: tesoureira 1988, 1989-90, 1991, 2004.
- RODRÍGUEZ, JOSEFA: vocal 1979.
- RODRÍGUEZ, MANUEL: vocal suplente 1945-46; vocal 1947-48
- ROJAS, ROQUE: vocal 1931
- ROMERO, PEDRO C.: vocal suplente 1945-46, 1947-48; vocal 1949-50; vicepresidente 1951-52
- SÁNCHEZ, ANGEL: vocal CCB 1935.
- SÁNCHEZ, EDUARDO: revisor contas CCB 1935.
- SÁNCHEZ, MANUEL: vocal 1931
- SANMARTÍN, FRANCISCO: revisor contas 1905-1906; vocal 1908; suplente 1910.
- SANTOS, JOSÉ A.: vocal 1908; presidente 1910, 1911.
- SARACO, CARLOS: contador 1957
- SAS DE OTERO, AMPARO: vocal suplente 1989-90
- SAS, GREGORIO: revisor de contas 1908
- SEIJAS, A.: suplente CCB 1935
- SEOANE, MANUEL: tesoureiro 1923
- SÓÑORA, ENRIQUE: vicesecretario 1962-63; presidente 1976-79; vocal 1982-83.
- SOUTO, ANTONIO: vocal 1923
- SUÁREZ, ANTONIO FERNANDO: vocal suplente 1983; vocal 1982-83, 1984
- SUÁREZ DO PAZO, ANTÓN: vocal 1945-46; secretario xeral 1947-48, 1948-49; presidente 1949-50; 1951-52
- SUÁREZ, ANDRÉS: vocal 1945-46, 1947-48; revisor contas 1949-50, 1951-52
- SUÁREZ, MANUEL: vocal 1923
- SUÁREZ, JUAN: vocal 1923; revisor contas e comisión prensa 1931; presidente 1947-48, 1948-49; tribunal de honra 1949-50.
- TABOADA, MARIO: secretario de actas 1957; prosecretario 1960-61; vocal 1962-63
- TASENDE, JOSÉ: vicepresidente 1908
- TEIJO, J.B.: suplente CCB 1935
- TEIJO, MANUEL: bibliotecario 1931
- TENREIRO, DOMINGO: vicepresidente CSB 1931.
- URÍA, BENITO V.: revisor contas 1910.
- VAAMONDE, ANDRÉS: pro-secretario 1923
- VAAMONDE, ANTONIO: presidente 1923; presidente CSB 1931.
- VAAMONDE, EUXENIO: protesoureiro 1948-49; tesoureiro 1949-50, 1951-52
- VAAMONDE, JOSÉ: revisor contas 1931
- VAAMONDE, JOSÉ: vocal 1957
- VALES VEIGA, MANUEL: contador 1982-83-84; vocal 1985-86; vice-presidente 1989; pro-contador 1990.
- VARA, ANTONIO: secretario 1931-32
- VARELA, AGUSTÍN: revisor contas CCB 1935.
- VARELA, EDMUNDO: vocal 1923
- VARELA, JUAN M.: reunión precursora 1897
- VARELA, MANUEL: vocal CCB 1935.
- VARELA LÓPEZ, MANUEL: vocal 1923
- VARELA GONZÁLEZ, MANUEL: vocal 1923
- VÁZQUEZ, GERMÁN: reunión precursora 1897
- VÁZQUEZ, JOSÉ: vocal e comisión prensa 1931
- VÁZQUEZ, MANUEL: revisor contas 1905-1906, pro-secretario 1910.
- VECINO, FERNANDO: prosecretario 1983
- VELÓN, JOSÉ: vocal 1956
- VÍA DO PICO, RAMÓN: pro-secretario 1931-32
- VÍA GOLPE, JESÚS: vocal 1908; vocal CSB 1931; tribunal honor 1945-49
- VÍA GOLPE, MANUEL: prosecretario 1911.

VIDAL, AGUSTÍN: revisor de contas 1908	precursora 1897; vicepresidente 1905-1906;
VIDAL, ANTONIO: vocal suplente 1962-63; vocal 1989-90	secretario 1908
VIDAL, LORENZO: vicepresidente 1923	VILARIÑO, MANOEL: membro tribunal honor 1951-52
VIDAL GARCÍA, JESÚS: revisor contas 1910.	VILLA, VICENTE: contador CCB 1935.
VIDAL PURRIÑOS, FRANCISCO: vicepresidente 1985-86	VIQUEIRA, JOSÉ: vocal 1945-46, 1947-48
VIDAL, ROSA MARIA: protesoureira 1985-86	VIQUEIRA BARREIRO, MODESTO: vocal 1983-84, 1985-86; vice-presidente 1988; vocal 1989-90, 1998, 2004.
VIEITES GARCÍA, MARCOS: reunión	

BIBLIOGRAFÍA

- BEADE DOPICO, ANDRÉS: En los 90 años del Centro Betanzos. *Betanzos y su comarca*. Agosto de 1994, páxina 20.
- BEADE DOPICO, ANDRÉS: "Poetas betanceiros en la emigración. Enrique Sónora Couceiro", en Anuario Brigantino, nº 6; Betanzos, 1983.
- CUPEIRO, BIEITO: A Galiza de Alén Mar. Edición do Castro, 1986.
- DÍAZ, AVELINO: De la Galicia emigrada: el Centro Betanzos de Buenos Aires. *Anuario Brigantino*, Betanzos, 1951.
- JANKILEVICH, ANGEL: Historia de los Hospitales de Comunidad de la Ciudad de Buenos Aires, en www.aadhhs.org.ar
- MOSKOWICH, R.L.: El "Centro Betanzos", de B. Aires, cumple 75 años. *La Voz de Galicia*, sábado 16 agosto de 1980, pág. 35.
- NEIRA VILAS, XOSÉ: Evocación dunha casa betanceira. *Programa de festas San Roque 1993*. Betanzos.
- VILANOVA RODRÍGUEZ, ALBERTO: Centro Betanzos. *Los gallegos en la Argentina*, tomo II, Buenos Aires, 1966, páxina 1393.
- Gran Enciclopedia Gallega: Voces "Centro Betanzos", "Centro Gallego de Buenos Aires", "Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires"
- Reseña histórica del Centro Betanzos en Buenos Aires, en *Anuario Brigantino* 1982. páxinas 155-160.
- Estatutos sociais:
 Sociedad Hijos de Betanzos. Estatutos. Biblioteca de La Defensa. A Coruña, 1907.
 Estatutos de la sociedad "Hijos de Betanzos". Buenos Aires, 1923.
 Estatutos de la Asociación "Centro Betanzos". Buenos Aires, 1953 (aprobados en 24 de outubro de 1944).
- Páxina web da entidade: centrobetanzos.8k.com
- Coleccións de prensa local do Arquivo municipal de Betanzos: La Aspiración, La Defensa, Nueva Era, Diario de Galicia...
- Revistas consultadas:
 EL GALLEGO, Bos Aires 1879.
 LAS MARIÑAS, órgano de la Sociedad "Hijos de Betanzos" (1910-1911)
 GALICIA, "revista del Centro Gallego de Buenos Aires".
 CÉLTIGA, Bos Aires, 1924-1932.
 BETANZOS, revista do Centro Cultural Betanzos e logo do Centro Betanzos.
 CENTRO SOCIAL BETANZOS
 A NOSA TERRA. Etapa de Bos Aires.
 GALICIA EMIGRANTE. Bos Aires, 1954-1959.

Agradecemento especial para Andrés Beade Dopico, expresidente do Centro Betanzos pola información facilitada e a boa disposición que tivo co autor nas súas demandas e pesquisas. Tamén para Beatriz Lagoa Veiga, actual presidenta do Centro Betanzos, polos datos aportados.